Con carácter potestativo poderá solicitarse ao TEACV, como ven sucedendo dende a creación deste, informe previo sobre a legalidade da Proposta de Proxecto que se somete a aprobación da Xunta de Goberno Local, a fin de que, tanto polos órganos políticos como polos administrativos, exista garantía sobre a conformidade no Ditame que será emitido con posterioridade á aprobación, no seu caso, da Proposta de Proxecto pola Xunta de Goberno Local. Así mesmo, e se este órgano así o estima conveniente, complementa o control de legalidade de quen teña atribuída dita función nos asuntos que deban ser sometidos á consideración da Xunta de Goberno Local.

Unha vez aprobado o Proxecto pola Xunta de Goberno Local será novamente remitido ao TEACV, quen elaborará o correspondente Ditame. Incorporado o preceptivo Ditame, o expediente, agora xa completo, será remitido á Secretaría do Pleno a fin da súa posta de manifesto aos voceiros dos grupos municipais e para o seu estudio e debate en Comisión Informativa e no Pleno.

De producirse transaccións políticas na fase de Propostas de emendas que varíen a redacción do Proxecto, deberá remitirse novamente o texto modificado á Intervención Xeral para o referido informe sobre cumprimento de restricións orzamentarias como previo á aprobación pola Xunta de Goberno Local do texto modificado e sometido a novo Ditame do TEACV.

O expediente co texto aprobado pola Xunta de Goberno Local e ditaminado polo TEACV someterase a estudio e aprobación pola Comisión Informativa correspondente e será remitido para a súa aprobación provisional polo Pleno.

Producida dita aprobación provisional, exporase ao público por prazo de trinta días a fin de que, por quen teña a condición de interesado, poida ser plantexada a oportuna reclamación.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 14/09/2018 12:15

Páxina 6 de 8

Expediente 2491/500

CSV: 26E758-2B378C-4HB653-LVQPV5-B9ZMA1-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

**DIRECCIÓN
DE
INGRESOS**

**CONCELLERÍA
DE
ORZAMENTOS E FACENDA**

**CONCELLO
DE VIGO**



De ser presentadas reclamacións, determinarase previamente a admisibilidade das mesmas e, entre as admitidas, resolverase estimando ou desestimando as mesmas, dándose conta á Xunta de Goberno Local e remitíndose ao Pleno para aprobación definitiva. No caso de non presentarse reclamacións ou incorrer todas as presentadas en causa de inadmisibilidade, entenderase aprobado o texto sen necesidade de remisión ao Pleno para a súa aprobación definitiva.

No caso de ser presentadas reclamacións admisibles contra o acordo de aprobación provisional, sexan estimadas ou non, procederá a remisión ao Pleno aos efectos da aprobación definitiva. No caso de que pola estimación de reclamación contra o Acordo de aprobación provisional se modifícase este, o texto da Ordenanza será remitido previamente ao TEACV para novo Ditame».

A vista do anterior, esta Dirección de Ingresos solicita, da Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

ACORDO:

1º) Aprobar a seguinte:

“MODIFICACIÓN DOS SEGUINTE ARTIGOS DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POR APROVEITAMENTO ESPECIAL OU UTILIZACIÓN PRIVATIVA DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL”.

ARTIGO 3.- EXENCIONS E BONIFICACIONES.

Engádesse un parágrafo no apartado 3.2., quedando redactado como segue:

2. Así mesmo, estarán exentas de pagamento as taxas por aproveitamentos especiais sinalados no apartado b) do artigo 1) desta Ordenanza necesarios para realizar obras na denominada Área de rehabilitación integrada Casco Vello de Vigo, acordada pola CPTOPV con data 20.09.97, así como as obras incluídas nos Plans Especiais de Reforma Interior de Bouzas e Casco Vello.

Igualmente, estarán exentas de pagamento, nos mesmos ámbitos territoriais as taxas por aproveitamentos especiais ou utilizacións privativas do subsolo con entubados para redes de telecomunicacións e outras infraestruturas para estes servizos.

ARTIGO 4.- COTAS.

Introdúcese no artigo 4. 4 Tarifas o seguinte epígrafe.

1.4. Por ocupación do subsolo con entubados para redes de telecomunicacións e outras infraestruturas para estes servizos:

Categorías rúas:	1 ^a	2 ^a	3 ^a	4 ^a	5 ^a	6 ^a
Tarifa m lonx ou fracción e ano ou fracción.	17,47€	10,71€	7,91€	0,21€	0,20€	0,17€

	Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/09/2018 12:15	Páxina 7 de 8
	Expediente 2491/500	CSV: 26E758-2B378C-4HB653-LVQPV5-B9ZMA1-H1	
	Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		

**DIRECCIÓN
DE
INGRESOS**

**CONCELLERÍA
DE
ORZAMENTOS E FACENDA**

**CONCELLO
DE VIGO**



Coa finalidade de ponderar positivamente o despregamento de redes nas zonas menos poboadas que corresponden as categorías fiscais de 4ª, 5ª e 6ª establécense, para cada suxeito pasivo unha serie de reducións, sobre a cota tributaria resultante da tarifa anterior, conforme a seguinte táboa:

% de lonxitude de rede despregada en emplacements de categorías 4ª, 5ª e 6ª respecto da total lonxitude da rede despregada no municipio.	% de redución da cota
Do 35% ao 39,99%	5%
Do 40% ao 44,99%	10%
Do 45% ao 49,99%	20%
Do 50% ao 55,00%	30%
máis do 55%	40%

2º) Someter a Ditame do TEA do Concello.

3º) Aprobación provisional do Proxecto ditaminado en sesión plenaria.

4º) Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no BOP, Taboleiro do Concello e Prensa Local para exame e reclamacións.

5º) Para o caso de non presentarse reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

- a) Publicar o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.
- b) Facultar á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.

Vigo, xuño de 2018

Asinan dixitalmente, a Técnica Xurídica de Dirección de Ingresos/Xefa da Inspección de Tributos e a Directora de Ingresos

Conforma o Concelleiro Delegado de Orzamentos e Facenda



DIRECCIÓN
DE
INGRESOS

CONCELLERÍA
DE
ORZAMENTOS E FACENDA

CONCELLO
DE VIGO



INTERVENCIÓN XERAL

DILIXENCIA:

De conformidade co indicado polo TEACV en sesión de 15 de xuño de 2018, solicítase informe sobre o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, suficiencia financeira e demais restricións orzamentarias que se puideran derivar da presente proposta de modificación da Ordenanza Fiscal reguladora das Taxas por Aproveitamento Especial ou Utilización privativa do Dominio Publico Local (Expte.: 2491/500).

Vigo, xuño de 2018
Asina: A Directora de Ingresos



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 14/09/2018 12:15

Páxina 1 de 1

Expediente 2491/500

CSV: 2DE558-223185-47B2CD-Q51QTV-MM4BES-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

DIRECCIÓN
DE
INGRESOS

CONCELLERÍA
DE
ORZAMENTOS E FACENDA

CONCELLO
DE VIGO



TEACV

DILIXENCIA:

Pase ao TEACV expediente 2491/500 para informe previo sobre a legalidade da proposta de proxecto que previsiblemente se someterá a aprobación da XGL o día 19 de xullo de 2019. O citado informe previo debera terse emitido antes do 16 de xullo para a inclusión na Orde do Día.

Vigo, xullo de 2018
Asina: A Directora de Ingresos



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 14/09/2018 12:15

Páxina 1 de 1

Expediente 2491/500

CSV: 2AE258-213B87-41BFE2-ZCT5SZ-Q2D8DY-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO
Intervención Xeral Municipal

Asunto:	Modificación da Ordenanza Fiscal reguladora das Taxas por Aproveitamento Especial ou Utilización Privativa do Dominio Público Local
Expediente:	2491-500
Servizo xestor:	Dirección de Ingresos

Remitido á Intervención Xeral expediente relativo ao asunto referenciado ao obxecto da emisión do preceptivo informe de conformidade co previsto no artigo 214 RD Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e 4.1 do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, con carácter previo á adopción do correspondente acordo, o funcionario que subscribe ten a ben emitir o seguinte

INFORME:

Primeiro. Normativa de aplicación.

- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local. (LRBRL)
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), artigos 15 a 19.
- Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria. (LXT)
- Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación. (RXR)
- Real Decreto 1.065/2007, de 27 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral das actuacións e os procedementos de xestión e inspección tributaria e de desenvolvemento das normas comúns dos procedementos de aplicación dos tributos.
- Lei 8/1989, de 13 de abril, de Taxas e Prezos Públicos, modificada pola Lei 25/1998, de 13 de xullo, de Modificación do Réxime das Taxas Estatais e Locais e de Reordenación das Prestacións Patrimoniais de Carácter público. (LTPP)
- Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das Entidades Locais.
- Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira. (LOEOSF)
- Regulamento Orgánico do Pleno.

Segundo. Documentos que integran o expediente.

- Orde de inicio do expediente asinada pola Directora de Ingresos e polo concelleiro delegado da Área de Facenda.
- Informe técnico-económico elaborado polo TAX (rama Económica) Inspector de Tributos e A Directora de Ingresos.
- Texto da Ordenanza vixente así como a nova redacción proposta.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/09/2018 12:15	Páxina 1 de 7
Expediente 2491/500	CSV: 21E453-28388H-46BE8H-MMFRC5-E7Z671-H1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO
Intervención Xeral Municipal

- Informe-proposta asinado pola Técnica Xurídica da Dirección de Ingresos e pola Directora de ingresos, e conformado polo Sr. concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda.

Terceiro. Modificación proposta.

Proponse a adopción do seguinte acordo:

“1º) Aprobar a seguinte:

“MODIFICACIÓN DOS SEGUINTE ARTIGOS DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POR APROVEITAMENTO ESPECIAL OU UTILIZACIÓN PRIVATIVA DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL”.

ARTIGO 3.- EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS.

Engádesse un parágrafo no apartado 3.2., quedando redactado como segue:

2. Así mesmo, estarán exentas de pagamento as taxas por aproveitamentos especiais sinalados no apartado b) do artigo 1) desta Ordenanza necesarios para realizar obras na denominada Área de rehabilitación integrada Casco Vello de Vigo, acordada pola CPTOPV con data 20.09.97, así como as obras incluídas nos Plans Especiais de Reforma Interior de Bouzas e Casco Vello. Igualmente, estarán exentas de pagamento, nos mesmos ámbitos territoriais as taxas por aproveitamentos especiais ou utilizacións privativas do subsolo con entubados para redes de telecomunicacións e outras infraestruturas para estes servizos.

ARTIGO 4.- COTAS.

Introdúcese no artigo 4. 4 Tarifas o seguinte epígrafe.

1.4. Por ocupación do subsolo con entubados para redes de telecomunicacións e outras infraestruturas para estes servizos:

Categorías rúas: 1ª 2ª 3ª 4ª 5ª 6ª

Tarifa m lonx ou fracción e

ano ou fracción. 17,47€ 10,71€ 7,91€ 0,21€ 0,20€ 0,17€

Coa finalidade de ponderar positivamente o despregamento de redes nas zonas menos poboadas que corresponden as categorías fiscais de 4ª, 5ª e 6ª establécense, para cada suxeito pasivo unha serie de reducións, sobre a cota tributaria resultante da tarifa anterior, conforme a seguinte táboa:

% de lonxitude de rede despregada en emprazamentos de categorías 4ª, 5ª e 6ª respecto da total lonxitude da rede despregada no municipio.	% de redución da cota
---	-----------------------

Do 35% ao 39,99%	5%
Do 40% ao 44,99%	10%
Do 45% ao 49,99%	20%
Do 50% ao 55,00%	30%
máis do 55%	40%

2º) Someter a Ditame do TEA do Concello.

3º) Aprobación provisional do Proxecto ditaminado en sesión plenaria.

4º) Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no BOP, Taboleiro do Concello e Prensa Local para exame e reclamacións.

	Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/09/2018 12:15	Páxina 2 de 7
	Expediente 2491/500	CSV: 21E453-28388H-46BE8H-MMFRC5-E7Z671-H1	
	Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO
Intervención Xeral Municipal

5º) Para o caso de non presentarse reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

- a) Publicar o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.
- b) Facultar á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.”

Cuarto. Fiscalización do expediente.

Por esta Intervención procedeuse a comprobar os extremos seguintes:

I.- A nova redacción da Ordenanza que se propón modificar integra o contido mínimo esixido no último parágrafo do apartado 1º do artigo 16 do TRLRHL: A nova redacción das normas afectadas e as datas da súa aprobación e do comezo da súa aplicación.

II.- A xuízo do funcionario que subscribe, o texto proposto non contén preceptos ou disposicións que contraveñan o disposto no TRLRFL, na LXT, ou nas demais Leis do Estado reguladoras da materia e demais disposicións ditadas para o seu desenvolvemento.

III.- Conforme ao disposto no artigo 129 da LPAC, no expediente procédese a cuantificar e valorar as repercusións e efectos orzamentarios da proposta.

IV.- En cumprimento do disposto no 24.1 a) do TRLRFL, no expediente consta un estudo técnico-económico elaborado por un técnico municipal no que se procede a determinar o valor que tería no mercado a utilidade derivada da utilización privativa ou aproveitamento especial, se os bens afectados non fosen de dominio público, a partir de prezos de mercado de arrendamento de locais comerciais. Dáse cumprimento deste xeito á necesidade de incluír un informe ou memoria económico-financeira tanto para o establecemento dunha nova taxa como para a modificación das contías dunha preexistente, debido a que é indispensable que nelas xustifíquese o custo ou valor do recurso ou actividade de que se trate e a contía da taxa proposta (Sentenza núm. 957/2003 de 21 novembro do Tribunal Superior de Xustiza de Aragón).

Nesta mesma liña deben sinalarse as Sentenzas do Tribunal Supremo, do 18 de maio de 2016 e do 27 de xuño de 2016. Como expón o Alto Tribunal, é necesario coñecer o proceso lóxico a través do cal se determina o custo do servizo, xa que a non constatación no informe económico financeiro as fontes utilizadas para determinar o devandito custo non garanten o principio de seguridade xurídica e o de equivalencia comporta que o informe económico financeiro.

Quinto. Incidencia nos gastos ou ingresos públicos.

Conforme ao disposto no apartado 7º do artigo 129 da LPAC, cando a iniciativa normativa afecte os gastos ou ingresos públicos presentes ou futuros, deberanse cuantificar e valorar as súas repercusións e efectos, e supeditarse ao cumprimento dos principios de estabilidade



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 14/09/2018 12:15

Páxina 3 de 7

Expediente 2491/500

CSV: 21E453-28388H-46BE8H-MMFRC5-E7Z671-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO
Intervención Xeral Municipal

orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Na proposta incorporada ao expediente informase que a previsión de ingresos adicionais nas partidas 33300 e 33309 relativas as taxas de aproveitamento especial ou utilización privativa do dominio público local con conducións para redes de telecomunicacións ascenderá para o exercicio 2019 e seguintes a 610.000€, xa que, tendo en conta a categoría fiscal das rúas nas que se ubican as conducións, calcúlase unha recadación de 1.793.000 euros, dos que debemos restar 800.000€ que xa constan como previsión orzamentaria no exercicio 2018, así como 384.000€ que veñen sendo autoliquidados polos operadores segundo o procedemento previsto no artigo 4.5 da ordenanza.

Incidencia no cumprimento da regra de gasto.

O art. 12 da LOEP incorpora a regra de gasto, en virtude da cal a variación do gasto computable das Administracións Públicas non poderá superar a taxa de referencia de crecemento do Produto Interior Bruto de medio prazo da economía española.

Para as Corporacións locais (artigo 2.1 da LOEPSF) cúmprese a Regra do Gasto, se a variación, en termos SEC, do gasto computable de cada Corporación Local, entre dous exercicios económicos, non supera a taxa de referencia de crecemento do Produto Interior Bruto (TRCPIB) de medio prazo da economía española, modificado, no seu caso, no importe dos incrementos permanentes e diminucións de recadación derivados de cambios normativos.

Deste xeito, cando se aproben cambios normativos que supoñan aumentos permanentes da recadación, o nivel de gasto computable resultante da aplicación da regra de gasto nos anos en que se obteñan os aumentos de recadación poderá aumentar na contía equivalente. A sensu contrario, cando se aproban cambios normativos que supoñan diminucións permanentes da recadación deberían considerarse para minorar o cálculo (art. 12.4 LOEP).

En definitiva, consonte ao disposto no artigo 12.4 da LOEOSF, de resultar finalmente aprobada a modificación na ordenanza nos termos propostos, o nivel de gasto computable resultante da aplicación da regra de gasto no anos 2019 e seguintes poderá aumentarse polo aumento de recadación que se prevexa obter como consecuencia da aplicación das medidas previstas no acordo adoptado (+610.000,00 euros no presente caso). Para o caso de que se modifiquen varias ordenanzas reguladoras de ingresos, fiscais ou non, con efectos permanentes nos anos 2019 e seguintes, os incrementos ou diminucións de recadación serán o resultado de aplicar conxuntamente todos eles.

Sexto. Procedemento e competencia.

A. O procedemento administrativo a seguir na tramitación do expediente para a modificación das ordenanzas fiscais aparece recollido nos artigos 49 da LRBRL, 15 e seguintes do TRLRFL e no Regulamento Orgánico do Pleno, coas especialidades que se sinalan no título X da LRBRL (“Régime de organización dos municipios de gran poboación”), sendo o órgano competente o Pleno da Corporación, por maioría simple, previa aprobación



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 14/09/2018 12:15

Páxina 4 de 7

Expediente 2491/500

CSV: 21E453-28388H-46BE8H-MMFRC5-E7Z671-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO
Intervención Xeral Municipal

do proxecto de modificación da ordenanza pola Xunta de Goberno Local, conforme ao disposto no artigo 127.1 a) da LRBRL.

B. Sobre a necesidade de someter a modificación proposta ao trámite de consulta pública previa do artigo 133 da LPAC, o citado precepto establece o seguinte:

“1. Con carácter previo a la elaboración del proyecto o anteproyecto de ley o de reglamento, se sustanciará una consulta pública, a través del portal web de la Administración competente en la que se recabará la opinión de los sujetos y de las organizaciones más representativas potencialmente afectados por la futura norma acerca de:

a) Los problemas que se pretenden solucionar con la iniciativa.

b) La necesidad y oportunidad de su aprobación.

c) Los objetivos de la norma.

d) Las posibles soluciones alternativas regulatorias y no regulatorias.

2. Sin perjuicio de la consulta previa a la redacción del texto de la iniciativa, cuando la norma afecte a los derechos e intereses legítimos de las personas, el centro directivo competente publicará el texto en el portal web correspondiente, con el objeto de dar audiencia a los ciudadanos afectados y recabar cuantas aportaciones adicionales puedan hacerse por otras personas o entidades. Asimismo, podrá también recabarse directamente la opinión de las organizaciones o asociaciones reconocidas por ley que agrupen o representen a las personas cuyos derechos o intereses legítimos se vieren afectados por la norma y cuyos fines guarden relación directa con su objeto.

3. La consulta, audiencia e información públicas reguladas en este artículo deberán realizarse de forma tal que los potenciales destinatarios de la norma y quienes realicen aportaciones sobre ella tengan la posibilidad de emitir su opinión, para lo cual deberán ponerse a su disposición los documentos necesarios, que serán claros, concisos y reunir toda la información precisa para poder pronunciarse sobre la materia.

4. Podrá prescindirse de los trámites de consulta, audiencia e información públicas previstos en este artículo en el caso de normas presupuestarias u organizativas de la Administración General del Estado, la Administración autonómica, la Administración local o de las organizaciones dependientes o vinculadas a éstas, o cuando concurran razones graves de interés público que lo justifiquen.

Cuando la propuesta normativa no tenga un impacto significativo en la actividad económica, no imponga obligaciones relevantes a los destinatarios o regule aspectos parciales de una materia, podrá omitirse la consulta pública regulada en el apartado primero. Si la normativa reguladora del ejercicio de la iniciativa legislativa o de la potestad reglamentaria por una Administración prevé la tramitación urgente de estos procedimientos, la eventual excepción del trámite por esta circunstancia se ajustará a lo previsto en aquella.”

Sobre esta cuestión, a Dirección General de Tributos do Ministerio de Hacienda emitiu un informe con data 10 de xaneiro de 2018 que di:

“Como el trámite de consulta previa establecido en el artículo 133 de la LPAC no tiene equivalente en el TRLHL, dado el carácter ex novo del mismo, y no puede considerarse incluido en el trámite de participación ciudadana regulado en el art. 17 del TRLHL, que son dos trámites distintos y que se realizan en dos momentos del tiempo diferentes: el trámite de consulta previa tiene lugar con carácter previo a la elaboración del proyecto o anteproyecto de ley o reglamento y se sustancia a través del portal web de la administración competente;





CONCELLO DE VIGO
Intervención Xeral Municipal

mientras que el trámite de participación ciudadana del artículo 17 del TRLHL tiene lugar posteriormente, una vez elaborada y aprobada la redacción provisional de la ordenanza fiscal y no se realiza por medios electrónicos, sino mediante su exposición en el tablón de anuncios de la Entidad Local y su publicación en el boletín oficial correspondiente. En consecuencia en el procedimiento de aprobación de ordenanzas fiscales debe incluirse el trámite de consulta pública previa regulado en el artículo 133 de la LPAC”.

Con todo, a DGT conclúe no seu informe indicando que:

“El trámite de consulta previa debe sustanciarse cuando se trata de la aprobación de una nueva ordenanza fiscal, mientras que en el caso de la modificación de una ordenanza fiscal ya aprobada con anterioridad, puede obviarse dicho trámite por tratarse de una regulación parcial de la materia”, atendendo ao disposto no apartado 4º do artigo 133 antes citado.

C. En aplicación do disposto no artigo 90 do Regulamento Orgánico do Pleno unha vez aprobado o proxecto pola Xunta de Goberno Local, concederáse aos grupos políticos municipais o prazo indicado no citado precepto para que poidan presentar emendas ao artigado ou a totalidade. Para o caso de que o proxecto fora emendado, as emendas deberán ser incorporadas ao proxecto que deberá someterse novamente a Xunta de Goberno Local.

D. O proxecto de ordenanza deberá ser ditaminado polo Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Vigo (artigos 137.1 LRBRL e 2 do Regulamento Orgánico do Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Vigo).

E. Despois da aprobación provisional polo Pleno, anunciarase no Boletín Oficial da Provincia a exposición pública, que terá lugar na sede electrónica e no taboleiro de anuncios do Concello durante trinta días como mínimo, podendo ser máis grande se o establece o Regulamento da Corporación, ou se así se fixa no acordo da aprobación provisional. O anuncio de exposición non debe conter o texto modificado. Con todo, debe terse moi en conta respecto da necesidade da referida publicación no Taboleiro de Anuncios, o artigo 45.4 da recente Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, que dispón “a publicación de actos e comunicacións que, por disposición legal ou regulamentaria deba practicarse en taboleiro de anuncios ou edictos, entenderase cumprida pola súa publicación no Diario oficial correspondente”.

Pódense presentar reclamacións polos interesados lexítimos, concepto que se debe interpretar moi amplamente. As reclamacións deben ser resoltas expresamente polo Pleno sen que se poidan resolver por silencio administrativo. Se como consecuencia da resolución de reclamacións producísese unha alteración substancial da Ordenanza aprobada provisionalmente, deberase proceder a un novo período de exposición pública. A sensu contrario, non sería necesaria unha nova exposición cando as modificacións non son substanciais.

Se non se interpuxeron reclamacións, a Ordenanza quedará definitivamente aprobada sendo unha previsión legal que, neste caso, a aprobación provisional convértase en





CONCELLO DE VIGO
Intervención Xeral Municipal

definitiva.

F. Despois da aprobación definitiva, débese publicar no BOP o texto íntegro da ordenanza nova ou da modificación, recollendo a nova redacción dos artigos afectados. A non publicación no BOP impide a vixencia da Ordenanza.

Todos os trámites referidos ostentan a cualificación de esenciais, e como tales, na medida que sexan incumpridos no proceso de aprobación ou modificación dunha Ordenanza Fiscal, darán lugar á nulidade da mesma, pois se produce un incumprimento dunha formalidade legal ordenada. Esta cuestión foi amplamente ratificada pola Xurisprudencia; e, neste sentido, podemos citar, entre outras, as Sentenzas do Tribunal Supremo do 1 de agosto de 1991, do 23 de novembro de 1991, do 18 de decembro de 1997 e do 2 de marzo de 2002.

Conclusiones.

En consecuencia, esta Intervención fiscaliza DE CONFORMIDADE a proposta de "Modificación da ordenanza fiscal reguladora das taxas por aproveitamento especial ou utilización privativa do dominio público local" contida no expediente 2491-500 tramitado pola concellería de Facenda.

Vigo, na data indicada
O Interventor Xeral
Asdo. Alberto Escariz Couso



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 14/09/2018 12:15

Páxina 7 de 7

Expediente 2491/500

CSV: 21E453-28388H-46BE8H-MMFRC5-E7Z671-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO
TRIB. EC-ADM

TIPO: Informe

SOLICITANTE: DIRECCIÓN DE INGRESOS

EXPEDIENTE: 2491-500 REF: I4662 E4850 P4172

ASUNTO: Modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora das Taxas por Aproveitamento Especial ou Utilización privativa do Dominio Público local (30) para 2019

En Vigo, a 16/07/2018, examinada a proposta de informe asinada polo Vocal do Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo en data 12/07/2018 co seguinte literal:

Remítese a este Tribunal informe-proposta de modificación da referida ordenanza fiscal, xunta con expediente, onde se incorpora a totalidade da documentación preceptiva para a tramitación do mesmo (concretamente, informe-proposta do servizo xestor, estudo económico da referencia ó valor de mercado da utilidade derivada da utilización do dominio público e informe do órgano fiscalizador sobre cumprimento de restricións orzamentarias).

En atención o requirimento efectuado este Tribunal ten a honra de informar o seguinte:

LEXISLACIÓN APLICABLE E COMPETENCIA:

A modificación das Ordenanzas Fiscaís ven regulada, nos aspectos que aquí nos interesan, nas seguintes normas:

- Lei 7/1985, de 7 de abril, Reguladora das bases de réxime local (LRBRL)
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais(LFL).
- Regulamento Orgánico do Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Vigo aprobado polo acordo do Pleno do Concello de Vigo na súa sesión do 14 de xuño de 2.004 (ROTEACV).

A modificación das Ordenanzas fiscaís é competencia exclusiva e non delegable do Pleno, pois se efectúa no exercicio da atribución regulada no artigo 123.1.g ("La determinación de los recursos propios de carácter tributario") e a súa tramitación non sigue as normas xerais de modificacións de Ordenanzas e Regulamentos que veñen establecidas pola propia LRBRL, sinón as específicas establecidas poño TRLFL.

A función de informe xurídico e control da legalidade das Ordenanzas Fiscaís é competencia exclusiva e excluínte do TEACV, tal e coma se ven informando reiteradamente dende este órgano, polo que as cuestións referidas a esta materia ou as procedimentais incorporadas nos informes de outros órganos danse por non escritas, servindo o Ditame que, unha vez aprobado o Proxecto pola Xunta de Goberno Local, aprobará este órgano, tanto para considerar efectuado o trámite de asesoramento legal preceptivo coma de guía de tramitación e obviando calqueira cuestión que se opoña ou contradiga ao nel exposto.

Efectivamente, compre ter en conta que o artigo 111 LRBRL establece que "Los acuerdos de establecimiento, supresión y ordenación de tributos locales, así como las modificaciones de las correspondientes Ordenanzas fiscales, serán aprobados, publicados y entrarán en vigor, de acuerdo con lo dispuesto en las normas especiales reguladoras de la imposición y ordenación de tributos locales..." e que a dita normativa está contida nos artigos 15 a 19 da LFL, polo que, no caso das Ordenanzas Fiscaís, a súa tramitación non segue o procedemento ordinario nin o establecido polo Regulamento Orgánico do Pleno, cuxo artigo 89,1 xa exclúe da tramitación polas normas nel contidas os proxectos normativos que contén con lexislación sectorial aplicable e dita lexislación, coma dixemos, e a dos artigos 15 e 19 da LFL, ós que se remite o artigo 111 da LRBRL.

Nesta regulación sectorial, e e concreto no artigo 17 LFL, se prevé un específico trámite de información pública para que, antes da aprobación definitiva, os interesados que cita a propia Lei poidan "presentar reclamaciones" concepto éste máis concreto e restrictivo que o de "alegacións e observacións" do procedemento xeral.

Por iso, e sin prexuízo de que, antes de sometelo a aprobación plenaria, o goberno municipal poida efectuar as súas lexitimas transaccións cós grupos municipais ou incluso enmendar o propio texto proposto, o Pleno non pode máis que ratificar ou non o Proxecto aprobado pola Xunta de Goberno Local e posteriormente dictaminado por este Tribunal Económico Administrativo en virtude do disposto nos artigos 137.1.b da LBRL e 2.b do ROTEACV.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 14/09/2018 12:15

Páxina 1 de 3

Expediente 2491/500

CSV: 2FED57-223A89-4DBHD9-6C796D-JSBQQ6-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO
TRIB. EC-ADM

SOBRE A MODIFICACIÓN PROPOSTA

Tal e coma se recolle na proposta remitida, "Estímase necesario establecer na ordenanza fiscal número 30 reguladora das taxas por aproveitamento especial ou utilización privativa do dominio público local unha cuantificación do gravame específica e diferenciada das que figuran no epígrafe I do artigo 4.4 da ordenanza para as "redes de telecomunicacións" aplicándolles un coeficiente redutor por razón do interese xeral a que se refire o artigo 2 da lei 9/2004 de 9 de maio Xeral de Telecomunicacións, a mais do anterior establecer exención destas taxas nos ámbitos de Casco Vello e Bouzas."

Trátase, pois, dunha taxa por ocupación privativa ou aproveitamento especial que se cuantifica tomando como referencia o valor de mercado da utilidade derivada da ocupación e que, unha vez determinado, o reduce atendendo a criterios de interese xeral, redución que chega ó máximo en dúas áreas nas que se tenta potenciar a implantación de redes.

Resulta neste tipo de taxas irrelevante calquera mención ó custe do servizo, custe éste que ten incidencia nas taxas por prestación de servizos pero non nas de utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público, nas que o parámetro relevante non é nunca o beneficio que obtén o usuario pola utilización do dito dominio público sinón a perda de utilidade que experimenta a colectividade por mor da exclusión do dominio público do uso xeral, perda de utilidade ésta que ven referenciada (aínda que non igualada) ó valor de mercado e que, reiteramos, é independente do beneficio que obteña o ocupante, do mesmo xeito que o prezo de aluguer dun inmovible depende dos de inmobles semellantes e non do beneficio que obteña o arrendatario no dito inmovible.

Dado que os trocos propostos teñen cobertura legal, infórmase favorablemente con carácter previo a proposta de modificación, sin prexuízo do dictame concreto que se emitirá unha vez aprobada a proposta pola Xunta de Goberno Local e que resultará favorable de non se producir trocos na redacción dos textos

TRAMITACIÓN

Tal e coma se indicou pola Sala do TEACV en Informe aprobado o 15/06/2018:

Os expedientes de aprobación, modificación ou derogación das Ordenanzas Fiscais incoanranse por acordo do Sr. Alcalde ou Concelleiro Delegado, quen exporá a súa conformidade ás propostas dos órganos e servizos con responsabilidades en materia de ingresos, así como as súas lexítimas propostas coma representante político democráticamente elixido.

Unha vez incorporados os correspondentes informes xurídicos, técnicos e económicos, será redactado Informe-Proposta e o expediente será remitido á Intervención Xeral. Expresamente se solicitará a dito órgano que "de conformidade co indicado polo TEACV, órgano competente para o Ditame sobre os Proxectos de Ordenanzas Fiscais, deberá informarse sobre o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, suficiencia financeira e demais restricións orzamentarias que se poideran derivar do acordo proposto".

Con carácter potestativo poderá solicitarse ao TEACV, coma ven sucedendo dende a creación de éste, informe previo sobre a legalidade da Proposta de Proxecto que se somete a aprobación da Xunta de Goberno Local, a fin de que tanto polos órganos políticos como polos administrativos, exista garantía sobre a conformidade no Ditame que será emitido con posterioridade á aprobación, no seu caso, da Proposta de Proxecto pola Xunta de Goberno Local. Asimesmo, e se este órgano así o estima convinte, complementa o control de legalidade de quen teña atribuída dita función nos asuntos que deban ser sometidos á consideración da Xunta de Goberno Local.

Unha vez aprobado o Proxecto pola Xunta de Goberno Local será novamente remitido ao TEACV, quen elaborará o correspondente Ditame. Incorporado o preceptivo Ditame, o expediente, agora xa completo, será remitido á Secretaría do Pleno a fin da súa posta de manifesto aos voceiros dos grupos municipais e para o seu estudio e debate en Comisión Informativa e no Pleno.

De producirse trasaccións políticas na fase de Propostas de enmendas que varíen a redacción do Proxecto, deberá emitirse novamente o texto modificado á Intervención Xeral para o referido informe sobre cumprimento de restricións



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 14/09/2018 12:15

Páxina 2 de 3

Expediente 2491/500

CSV: 2FED57-223A89-4DBHD9-6C796D-JSBQQ6-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO
TRIB. EC-ADM

orxamentarias como previo á aprobación pola Xunta de Goberno Local do texto modificado e sometido a novo Ditame do TEACV.

O expediente co texto aprobado pola Xunta de Goberno Local e ditaminado polo TEACV se someterá a estudio e aprobación pola Comisión Informativa correspondente e será remitido para a súa aprobación provisional polo Pleno.

Producida dita aprobación inicial, exporase ao público por prazo de trinta días a fin de que por quen teña a condición de interesado poida ser plantexada a oportuna reclamación.

De ser presentadas reclamacións, determinarase previamente a admisibilidade das mesmas e, entre as admitidas, resolverase estimando ou desestimando as mesmas, dándose conta á Xunta de Goberno Local e remitíndose ao Pleno para aprobación definitiva. No caso de non presentarse reclamacións ou incorrer todas as presentadas en causa de inadmisibilidade, entenderáse aprobado o texto sen necesidade de remisión ao Pleno para a súa aprobación definitiva.

No caso de ser presentadas reclamacións admisibles contra o acordo de aprobación inicial, sexan estimadas ou non, procederá a remisión ao Pleno aos efectos da aprobación definitiva. No caso de que pola estimación de reclamación contra o Acordo de aprobación provisional se modificase o texto da Ordenanza, será remitido previamente ao TEACV para novo Ditame. Sen prexuízo de que, tal e coma sucede con habitualidade, poidan ser requiridos deste órgano cantos Informes se estimen oportunos ao abeiro da función de asesoramento en materia tributaria que lle asignan expresamente os reiterados os artigos 137 da LRBRL e 2 ROTEACV.

Tralo exame da proposta subliñada, a Sala do Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo, no exercicio das súas competencias

ACORDA

Prestar conformidade á proposta de informe

Vigo, a 16/07/2018

O Secretario accidental

Asdo: Miguel A. Pola Tombo

Vº e pr; o Presidente

Asdo: Albino Rodríguez Ferreira





Concello de Vigo

D^a. OLGA ALONSO SUÁREZ, CONCELEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO

C E R T I F I C O: Que a Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 19 de xullo de 2018, adoptou o seguinte acordo:

9.- PROPOSTA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POR APROVEITAMENTO ESPECIAL O UTILIZACIÓN PRIVATIVA DO DOMINIO LOCAL 2019. EXPTE. 2491/500.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o ditame favorable do Tribunal Económico Administrativo do 16/07/17 e o informe de fiscalización do 13/07/17, dáse conta do informe-proposta do 10/07/17, asinado pola técnica xurídica de Dirección de Ingresos e xefa da Inspección de Tributos, a directora de Ingresos e o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Segundo instrucións do Sr. Concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, esta Dirección de Ingresos formula a proposta de Modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora das Taxas por Aproveitamento Especial ou ou Utilización privativa do Dominio Público local, que consta no presente expediente.

Antecedentes

A Ordenanza fiscal número 35 *reguladora da taxa pola utilización privativa e aproveitamento especial constituído no solo, subsolo ou voo da vía pública a favor de empresas explotadoras de servizos de telefonía móbil* resulta de aplicación a aquelas empresas explotadoras de servizos de telefonía móbil que son titulares de redes que ocupan dominio público local.

Os tribunais veñen refrendando de xeito reiterado a legalidade e validez desta ordenanza, que cumpre as esixencias derivadas do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL) así como os límites que marca o dereito europeo: Directiva 2002/21 Marco regulador común de redes e servizos de telecomunicacións (Directiva Marco), Directiva 2002/20 relativa á autorización de redes e servizos de telecomunicacións (Directiva Autorización), Directiva 2002/12 de Acceso ás redes de comunicacións e recursos asociados á súa interconexión (Directiva Acceso) e Directiva 2002/22 sobre servizo universal e dereitos dos usuarios en relación coas redes e os servizos de comunicacións electrónicas (Directiva de Servizo Universal).

Os grandes operadores de telefonía móbil que resultaban obrigados a tributar por aplicación da citada ordenanza nº 35, teñen transmitido as súas redes de telecomunicacións no municipio de Vigo a outras empresas do grupo que teñen por obxecto social principal o despregamento, desenvolvemento, implantación e xestión das redes e infraestruturas así como servizos de telecomunicacións por cable pero non servizos de telefonía móbil. As empresas adquirentes son agora as que desfrutan do dereito de ocupación do dominio publico local a que se refire o artigo 30 da lei 9/2014 e resultan obrigadas a tributar pola citada ocupación efectiva.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/09/2018 12:15	Páxina 1 de 8
Expediente 2491/500	CSV: 29E951-2C3B8D-4D2E2A-U61W58-CA2P66-H1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		

Coa citada operación de transmisión das redes e infraestruturas de comunicacións electrónicas a empresas que non prestan directamente os servizos de telefonía móbil, decae a condición de suxeito pasivo conforme a ordenanza nº 35 dos operadores de telefonía móbil, en tanto que non son titulares das redes e infraestruturas que ocupan o dominio público local.

A aplicación dos principios constitucionais de “igualdade tributaria” e “xeneralidade” determina a suxeición á tributación das empresas titulares de redes e infraestruturas que ocupan dominio publico local, non existindo xustificación ningunha para que a súa utilización privativa do dominio público local lles resultare gratuíta

Proposta de tributación conforme á ordenanza nº 30 reguladora das taxas por aproveitamento especial ou utilización privativa do dominio público local.

Segundo o artigo 20 do TRLRFL *as entidades locais poderán establecer taxas pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio publico local...*

Segundo o artigo 23 do citado texto refundido *son suxeitos pasivos das taxas, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas así como as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003 de 17 de decembro, Xeral Tributaria que desfruten, utilicen ou aproveiten especialmente o dominio publico local en beneficio particular...*

Segundo o artigo 24 do mesmo texto *o importe das taxas previstas pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio publico local fixarase... con carácter xeral, tomando como referencia o valor que tería no mercado a utilidade derivada de dita utilización ou aproveitamento, se os bens afectados non fosen de dominio publico.*

Da regulación europea non se desprende o contido concreto das taxas municipais sobre as ocupacións de dominio publico local que realizan os operadores de comunicacións electrónicas pero si se deducen uns limites ou principios que deben inspirar ou cumprir as citadas taxas: transparencia, obxectividade, proporcionalidade e non discriminación, así como garantir o *uso óptimo do recurso ocupado ou utilizado.*

A necesidade dunha taxa para garantir o uso óptimo do recurso dominio publico local explícase polo carácter escaso deste ben, que determina que a súa ocupación con conducións para redes de comunicacións electrónicas exclúe a utilización dese mesmo ben polos titulares doutras redes de servizos de interese xeral (auga, saneamento, gas, rede semaforica, alumeadado publico etc) ou con outro tipo de utilizacións (bocas de rego, bocas para extinción de incendios, sistemas de protección de trafico etc) o que obriga a racionalizar e optimizar esta ocupación mediante a existencia dunha taxa.

As empresas que agora resultan titulares de redes deberán tributar conforme a ordenanza nº 30 Fiscal Reguladora das Taxas por Aproveitamento Especial ou Utilización privativa do Dominio Público local, cuxo artigo primeiro delimita o feito imponible.

“Constitúen feitos impositivos destas taxas os aproveitamentos especiais ou utilizacións privativas do solo, subsolo e voo do dominio público local seguintes:

a. Instalación de surtidores de gasolina, aparatos de venda automática, fotografía, básculas, caixas de distribución e de rexistro no solo ou voo, bocas de carga de combustible, arquetas, postes, caixeiros automáticos, ramplas ou calquera outra instalación a servizo das edificacións e tamén con casetas de obras e outros elementos afectos ás mesmas na parte que exceda do replanteo correspondente á obra principal, así como, conducións de enerxía eléctrica, gas, fibra



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 14/09/2018 12:15

Páxina 2 de 8

Expediente 2491/500

CSV: 29E951-2C3B8D-4D2E2A-U61W58-CA2P66-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



Concello de Vigo

óptica e restantes servizos ou suministros, e calquera outros aproveitamentos especiais ou utilizacións privativas no solo ou voo do dominio público local.

.....

i. Caixas de distribución e de rexistro no subsolo, tendidos, entubados, galerías para condución de enerxía eléctrica, auga, gas, fibra óptica ou calquera outro servizo e outros aproveitamentos especiais ou utilizacións privativas no subsolo do dominio público local.

j. Calquera outro aproveitamento especial do dominio público titularidade deste Concello.”

A ocupación efectiva por redes de telecomunicacións está incluída no feito imposable desta ordenanza, segundo o regulado no artigo 1 apartados a) e i). No artigo 4 apartado 4, epígrafe l) figuran unha serie de tarifas para ocupacións no subsolo con “conducións de fibra óptica e ...calquera outros aproveitamentos especiais ou utilizacións privativas no solo ou voo no dominio público local”, “entubados e galerías para condución de enerxía eléctrica, auga, gas, fibra óptica e calquera outro servizo, e outros aproveitamentos especiais ou utilizacións privativas no subsolo do dominio público local”.

Sen embargo, estímase oportuno establecer unha cuantificación do gravame específica e diferenciada das que figuran no epígrafe l. para as “redes de telecomunicacións” aplicándolles un coeficiente reductor por razón do “interese xeral” a que se refire o artigo 2 da Lei 9/2004 de 9 de maio Xeral de Telecomunicacións.

Así, conforme ao estudio técnico-económico que acompaña este expediente destinado a obter o “valor que tería no mercado a utilidade derivada da utilización ou aproveitamento do dominio público local” procedemos a fixar as tarifas que se inclúen no epígrafe l.4 do artigo 4.4 da ordenanza.

Para establecer unha taxa non discriminatoria, xustificada obxectivamente e proporcional á ocupación efectiva, partimos dos prezos medios obtidos no mercado de alugueres, que constan na páxina 4 do Informe técnico-económico:

Categorías rúas:	1 ^a	2 ^a	3 ^a	4 ^a	5 ^a	6 ^a
Prezos aluguer m ² por ano:	93,20€	71,39€	70,31€	56,92€	52,49€	45,36€

Coa finalidade de determinar tarifas obxectivas e proporcionais á utilización do dominio público, compre ter en conta unha serie de factores que incrementan ou minoran os valores de referencia anteriores.

A ocupación do subsolo urbano como colector de infraestruturas urbanas, (auga, saneamento, gas, electricidade, alumeadado público, telecomunicacións,...) caracterízase porque a utilización de unha unidade de subsolo (calquera que sexa a súa forma de medición: lonxitudinal, en superficie ou en volume) comporta a inutilización dun cantidade maior debido ás interferencias que unha instalación provoca nas demais.

A interferencia de usos no subsolo urbanoponse de manifesto, de maneira ostensible, cando una entidade local decide o aproveitamento de subsolo de dominio público para outros servizos á comunidade como pode ser un túnel ou un parking. Se estas infraestruturas son ubicadas no centro da cidade —que é onde resulta máis imperiosa a súa necesidade— normalmente comportará un traslado de conducións e redes de servizos instalados no subsolo que, na súa meirande parte, ven sendo sufragado pola propia Entidade Local.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/09/2018 12:15	Páxina 3 de 8
Expediente 2491/500	CSV: 29E951-2C3B8D-4D2E2A-U61W58-CA2P66-H1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		

Outra agravante da intensidade do aproveitamento especial do subsolo é o feito da existencia de arquetas ou tapas de acceso á conducións soterradas que se colocan normalmente en beirarrúas e que interfíren o uso común xeral deste ben de dominio publico local coas tarefas de mantemento, reparacións, novas acometidas etc. Resulta complicado valorar economicamente esta interferencia, pero non por iso podemos obviar esta realidade. Por simplificar a normativa e a xestión desta taxa non se someterá a unha tarifa específica a ocupación de solo público con arquetas ou tapas de acceso a unha condución soterrada.

A incidencia ou afectación que, como mínimo, supoñen as conducións soterradas de servizos de telecomunicación aparece reflexada na “ordenanza reguladora das obras e as conseguintes ocupacións necesarias para implantación de servizos na vía pública” do concello de Vigo; publicada no BOP nº 18 de 25 de xaneiro de 2002”. Determinase nela que as conducións de servizos de telecomunicacións deberán contar con 25 cm. a cada lado, sendo a súa profundidade mínima de 0,80 m medida dende o teito do prisma ata a rasante. Segundo o anterior, unha condución dun metro lineal ocupa unha superficie mínima de subsolo de 7500 cm² (0,75 m²) considerando os 50 cm a ambos lados máis 25 cm de anchura da condución.

Como contrapunto, compre poñer de manifesto que as ocupacións que pretendemos gravar, que se sitúan no subsolo, carecen das características construtivas de “local” que constan de construción e solo. É unha realidade que nas rúas máis céntricas o custe de construción é inferior a metade do valor do local pero nas periféricas sucede ao revés, o valor da construción supera ao valor do solo. Por este motivo realizase unha corrección promedio á metade dos prezos obtidos no estudo de mercado.

Segundo o exposto no anterior apartado 5, as tarifas serían as seguintes:

Categorías rúas:	1 ^a	2 ^a	3 ^a	4 ^a	5 ^a	6 ^a
Prezo m ² subsolo por ano:	46,60€	35,70€	35,16€	28,46€	26,25€	22,68€

Considerando a ocupación superficial mínima en subsolo segundo a ordenanza xeral de obras antedita de 0,75 m² por metro lineal e obviando as ocupacións en superficie con arquetas e tapas, obtemos as seguintes tarifas por metro lineal de condución soterrada:

Categorías rúas:	1 ^a	2 ^a	3 ^a	4 ^a	5 ^a	6 ^a
Tarifa m lonx por ano:	34,95€	26,78€	26,37€	21,35€	19,69€	17,01€

Dito noutros términos que conectan co disposto no artigo 24.1.a do TRLRFL: “o valor que tería no mercado a utilidade derivada da utilización ou aproveitamento, dunha superficie de 0,75 m² de subsolo, se os bens afectados non fosen de dominio público” sería:

Categorías rúas:	1 ^a	2 ^a	3 ^a	4 ^a	5 ^a	6 ^a
Tarifa m lonx por ano:	34,95€	26,78€	26,37€	21,35€	19,69€	17,01€

Ponderando a consideración de “interese xeral” que establece a Lei 9/2014 de 9 de maio Xeral de Telecomunicacións para estes servizos xunto coa escasez crecente de subsolo urbano conforme nos desprazamos dende a periferia da cidade cara ao centro, xunto coas interferencias ao uso común xeral que son maiores na cidade compactada que en diseminado, establecemos unha serie de coeficientes correctores que reducen a tarifa anterior:

Categorías rúas:	1 ^a	2 ^a	3 ^a	4 ^a	5 ^a	6 ^a
Corrector por “interese xeral”:	0,5	0,4	0,3	0,01	0,01	0,01



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 14/09/2018 12:15

Páxina 4 de 8

Expediente 2491/500

CSV: 29E951-2C3B8D-4D2E2A-U61W58-CA2P66-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



Concello de Vigo

Como pode apreciarse, aplícase un coeficiente corrector de 0,01 para emprazamentos situados en 4ª, 5ª e 6ª categoría fiscal que converten a tarifa a aplicar neste ámbito territorial, en simbólica. Explícase este proceder para que a taxa no disuada aos operadores de telecomunicacións da extensión das súas redes en zonas da cidade nas que o dominio público local resulta menos escaso.

Desta forma a tarifa resultante para os aproveitamentos especiais en subsolo público local mediante conducións destinadas a redes e outras infraestruturas de telecomunicacións, sería a seguinte:

Categorías rúas:	1ª	2ª	3ª	4ª	5ª	6ª
Tarifa m lonx ou fracción e ano ou fracción.	17,47€	10,71€	7,91€	0,21€	0,20€	0,17€

Coa finalidade de ponderar positivamente o despregamento de redes nas zonas menos poboadas que corresponden as categorías fiscais de 4ª, 5ª e 6ª establécense, para cada suxeito pasivo unha serie de reducións, sobre a cota tributaria resultante da tarifa anterior, conforme a seguinte táboa:

% de lonxitude de rede despregada en emprazamentos de categorías 4ª, 5ª e 6ª respecto da total lonxitude da rede despregada no municipio.	% de redución da cota
Do 35% ao 39,99%	5%
Do 40% ao 44,99%	10%
Do 45% ao 49,99%	20%
Do 50% ao 55,00%	30%
máis do 55%	40%

Informe sobre repercusión orzamentaria.

Informase que a previsión de ingresos adicionais nas partidas 33300 e 33309 relativas as taxas de aproveitamento especial ou utilización privativa do dominio público local con conducións para redes de telecomunicacións ascenderá para o exercicio 2019 e seguintes a 610.000€:

Categoría fiscal	Lonxitude da condución	Importe taxa
1ª	50.000 m.	762.000 €
2ª	93.000 m.	822.000 €
3ª	28.000 m.	189.000 €
4ª	34.000 m.	6.000 €
5ª	64.000 m.	10.000 €
6ª	24.000 m.	4.000 €
Total		1.793.000 €

Do calculo anterior debemos restar 800.000€ que xa constan como previsión orzamentaria no exercicio 2018 así como 384.000€ que veñen sendo autoliquidados polos operadores segundo o procedemento previsto no artigo 4.5 da ordenanza (1.793.000-800.000-384.000 = 609.000€).

Informe sobre o impacto de xénero.



A presente modificación non introduce ningunha disposición que teña incidencia por razón de xénero, xa que afecta só a contribuíntes que son persoas xurídicas. Consecuentemente, o impacto por razón de xénero será nulo.

Innecesariedade do tramite previsto no artigo 133 da Lei 39/2015 do 1 de outubro do PAC.

Segundo o apartado 4 do artigo 133 da Lei 39/2015, “cando a proposta normativa non teña un impacto significativo na actividade económica, non impoña obrigas relevantes aos destinatarios ou regule aspectos parciais dunha materia, poderá omitirse a consulta pública” a que se refire o apartado 1 do mesmo artigo.

Segundo informe do Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo de data 20.06.17 coincidente co da Dirección Xeral de Tributos de data 10 de xaneiro de 2018: “o trámite de consulta previa debe substanciarse cando se trata dunha nova ordenanza fiscal, mentres que no caso da modificación dunha ordenanza fiscal aprobada con anterioridade, pode obviarse dito trámite por tratarse dunha regulación parcial da materia”.

Tramitación da modificación.

O expediente deberá ser tramitado conforme dispón o artigo 111 da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das bases de réxime local (LRBRL), artigos 15 a 19 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais (TRLRFL), e artigo 137 apartado 1 b) da citada LRBRL.

Segundo informe do TEA do Concello de data 15 de xuño de 2018, «*unha vez incorporados os correspondentes informes xurídicos, técnicos e económicos, será redactado Informe-Proposta e o expediente será remitido á Intervención Xeral. Expresamente se solicitará a dito órgano que “de conformidade co indicado polo TEACV, órgano competente para o Ditame sobre os Proxectos de Ordenanzas Fiscais, deberá informarse sobre o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, suficiencia financeira e demais restricións orzamentarias que se puideran derivar do acordo proposto”.*

Con carácter potestativo poderá solicitarse ao TEACV, como ven sucedendo dende a creación deste, informe previo sobre a legalidade da Proposta de Proxecto que se somete a aprobación da Xunta de Goberno Local, a fin de que, tanto polos órganos políticos como polos administrativos, exista garantía sobre a conformidade no Ditame que será emitido con posterioridade á aprobación, no seu caso, da Proposta de Proxecto pola Xunta de Goberno Local. Así mesmo, e se este órgano así o estima conveniente, complementa o control de legalidade de quen teña atribuída dita función nos asuntos que deban ser sometidos á consideración da Xunta de Goberno Local.

Unha vez aprobado o Proxecto pola Xunta de Goberno Local será novamente remitido ao TEACV, quen elaborará o correspondente Ditame. Incorporado o preceptivo Ditame, o expediente, agora xa completo, será remitido á Secretaría do Pleno a fin da súa posta de manifesto aos voceiros dos grupos municipais e para o seu estudo e debate en Comisión Informativa e no Pleno.

De producirse transaccións políticas na fase de Propostas de emendas que varíen a redacción do Proxecto, deberá remitirse novamente o texto modificado á Intervención Xeral para o referido informe sobre cumprimento de restricións orzamentarias como previo á aprobación pola Xunta de Goberno Local do texto modificado e sometido a novo Ditame do TEACV.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 14/09/2018 12:15

Páxina 6 de 8

Expediente 2491/500

CSV: 29E951-2C3B8D-4D2E2A-U61W58-CA2P66-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



Concello de Vigo

O expediente co texto aprobado pola Xunta de Goberno Local e ditaminado polo TEACV someterase a estudo e aprobación pola Comisión Informativa correspondente e será remitido para a súa aprobación provisional polo Pleno.

Producida dita aprobación provisional, exporase ao público por prazo de trinta días a fin de que, por quen teña a condición de interesado, poida ser plantexada a oportuna reclamación.

De ser presentadas reclamacións, determinarase previamente a admisibilidade das mesmas e, entre as admitidas, resolverase estimando ou desestimando as mesmas, dándose conta á Xunta de Goberno Local e remitíndose ao Pleno para aprobación definitiva. No caso de non presentarse reclamacións ou incorrer todas as presentadas en causa de inadmisibilidade, entenderase aprobado o texto sen necesidade de remisión ao Pleno para a súa aprobación definitiva.

No caso de ser presentadas reclamacións admisibles contra o acordo de aprobación provisional, sexan estimadas ou non, procederá a remisión ao Pleno aos efectos da aprobación definitiva. No caso de que pola estimación de reclamación contra o Acordo de aprobación provisional se modificase este, o texto da Ordenanza será remitido previamente ao TEACV para novo Ditame».

A vista do anterior, esta Dirección de Ingresos solicita, da Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

ACORDO:

1º) Aprobar a seguinte:

“MODIFICACIÓN DOS SEGUINTE ARTIGOS DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POR APROVEITAMENTO ESPECIAL OU UTILIZACIÓN PRIVATIVA DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL”.

ARTIGO 3.- EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS.

Engádesse un parágrafo no apartado 3.2., quedando redactado como segue:

2. Así mesmo, estarán exentas de pagamento as taxas por aproveitamentos especiais sinalados no apartado b) do artigo 1) desta Ordenanza necesarios para realizar obras na denominada Área de rehabilitación integrada Casco Vello de Vigo, acordada pola CPTOPV con data 20.09.97, así como as obras incluídas nos Plans Especiais de Reforma Interior de Bouzas e Casco Vello.

Igualmente, estarán exentas de pagamento, nos mesmos ámbitos territoriais as taxas por aproveitamentos especiais ou utilizacións privativas do subsolo con entubados para redes de telecomunicacións e outras infraestruturas para estes servizos.

ARTIGO 4.- COTAS.

Introdúcese no artigo 4. 4 Tarifas o seguinte epígrafe.

I.4. Por ocupación do subsolo con entubados para redes de telecomunicacións e outras infraestruturas para estes servizos:



Categorías rúas:	1 ^a	2 ^a	3 ^a	4 ^a	5 ^a	6 ^a
Tarifa m lonx ou fracción e ano ou fracción.	17,47€	10,71€	7,91€	0,21€	0,20€	0,17€

Coa finalidade de ponderar positivamente o despregamento de redes nas zonas menos poboadas que corresponden as categorías fiscais de 4^a, 5^a e 6^a establécense, para cada suxeito pasivo unha serie de reducións, sobre a cota tributaria resultante da tarifa anterior, conforme a seguinte táboa:

% de lonxitude de rede despregada en emprazamentos de categorías 4 ^a , 5 ^a e 6 ^a respecto da total lonxitude da rede despregada no municipio.	% de redución da cota
Do 35% ao 39,99%	5%
Do 40% ao 44,99%	10%
Do 45% ao 49,99%	20%
Do 50% ao 55,00%	30%
máis do 55%	40%

2º) Someter a Ditame do TEA do Concello.

3º) Aprobación provisional do Proxecto ditaminado en sesión plenaria.

4º) Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no BOP, Taboleiro do Concello e Prensa Local para exame e reclamacións.

5º) Para o caso de non presentarse reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

- a) Publicar o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.
- b) Facultar á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo a data da sinatura dixital.

CCA/rs

V. e Pr.
 O SEGUNDO TTE. ALCALDE, (RA 17/07/18)
Francisco Javier Pardo Espiñeira



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/09/2018 12:15	Páxina 8 de 8
Expediente 2491/500	CSV: 29E951-2C3B8D-4D2E2A-U61W58-CA2P66-H1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		



**CONCELLO DE VIGO
TRIB. EC. ADM.**

TIPO: Dictame

SOLICITANTE: DIRECCIÓN DE INGRESOS

EXPEDIENTE: 2491-500 REF: I4662 E4862 P4174

ASUNTO: Modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora das Taxas por Aproveitamento Especial ou Utilización privativa do Dominio Público local (30) para 2019

En Vigo, a 03/08/2018, examinada a proposta de dictame asinada polo Vocal do Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo en data 01/08/2018 co seguinte literal:

A Xunta de Goberno Local, en Sesión que tivo lugar o día 19 de xullo de 2018, aprobou o Proxecto de modificación da citada Ordenanza Fiscal.

A Sala do Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo, en Sesión Extraordinaria e Urxente que tivo lugar o dezaséis de xullo de 2018, xa tiña emitido e aprobado, a solicitude da Dirección de Ingresos, informe previo sobor da proposta á Xunta de Goberno Local da modificación agora aprobada coma Proxecto. No dito informe previo, e en relación á presente, se indicaba textualmente:

"Remítese a este Tribunal informe-proposta de modificación da referida ordenanza fiscal, xunta con expediente, onde se incorpora a totalidade da documentación preceptiva para a tramitación do mesmo (concretamente, informe-proposta do servizo xestor, estudo económico da referencia ó valor de mercado da utilidade derivada da utilización do dominio público e informe do órgano fiscalizador sobre cumprimento de restricións orzamentarias).

En atención o requirimento efectuado este Tribunal ten a honra de informar o seguinte:

LEXISLACIÓN APLICABLE E COMPETENCIA:

A modificación das Ordenanzas Fiscaís ven regulada, nos aspectos que aquí nos interesan, nas seguintes normas:

- Lei 7/1985, de 7 de abril, Reguladora das bases de réxime local (LRBRL)
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais(LFL).
- Regulamento Orgánico do Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Vigo aprobado polo acordo do Pleno do Concello de Vigo na súa sesión do 14 de xuño de 2.004 (ROTEACV).

A modificación das Ordenanzas fiscaís é competencia exclusiva e non delegable do Pleno, pois se efectúa no exercicio da atribución regulada no artigo 123.1.g ("La determinación de los recursos propios de carácter tributario") e a súa tramitación non sigue as normas xerais de modificacións de Ordenanzas e Regulamentos que veñen establecidas pola propia LRBRL, sinón as específicas establecidas poño TRLFL.

A función de informe xurídico e control da legalidade das Ordenanzas Fiscaís é competencia exclusiva e excluínte do TEACV, tal e coma se ven informando reiteradamente dende este órgano, polo que as cuestións referidas a esta materia ou as procedimentais incorporadas nos informes de outros órganos danse por non escritas, servindo o Ditame que, unha vez aprobado o Proxecto pola Xunta de Goberno Local, aprobará este órgano, tanto para considerar efectuado o trámite de asesoramento legal preceptivo coma de guía de tramitación e obviando calqueira cuestión que se opoña ou contradiga ao nel exposto.

Efectivamente, compre ter en conta que o artigo 111 LRBRL establece que "Los acuerdos de establecimiento, supresión y ordenación de tributos locales, así como las modificaciones de las correspondientes Ordenanzas fiscales, serán aprobados, publicados y entrarán en vigor, de acuerdo con lo dispuesto en las normas especiales reguladoras de la imposición y ordenación de tributos locales..." e que a dita normativa está contida nos artigos 15 a 19 da LFL, polo que, no caso das Ordenanzas Fiscaís, a súa tramitación non segue o procedemento ordinario nin o establecido polo Regulamento Orgánico do Pleno, cuxo artigo 89,1 xa exclúe da tramitación polas normas nel contidas os proxectos normativos que contén con lexislación sectorial aplicable e dita lexislación, coma dixemos, e a dos artigos 15 e 19 da



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 14/09/2018 12:15

Páxina 1 de 3

Expediente 2491/500

CSV: 2AE85F-293E82-4A283D-BRXC4U-A5MLNP-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

LFL, ós que se remite o artigo 111 da LRBRL.

Nesta regulación sectorial, e e concreto no artigo 17 LFL, se prevé un específico trámite de información pública para que, antes da aprobación definitiva, os interesados que cita a propia Lei poidan "presentar reclamaciones" concepto éste máis concreto e restrictivo que o de "alegaciónes y observaciones" do procedemento xeral.

Por iso, e sin prexuízo de que, antes de sometelo a aprobación plenaria, o goberno municipal poida efectuar as súas lexítimas transaccións cós grupos municipais ou incluso enmendar o propio texto proposto, o Pleno non pode máis que ratificar ou non o Proxecto aprobado pola Xunta de Goberno Local e posteriormente dictaminado por este Tribunal Económico Administrativo en virtude do disposto nos artigos 137.1.b da LBRLE e 2.b do ROTEACV.

SOBRE A MODIFICACIÓN PROPOSTA

Tal e coma se recolle na proposta remitida, "Estímase necesario establecer na ordenanza fiscal número 30 reguladora das taxas por aproveitamento especial ou utilización privativa do dominio público local unha cuantificación do gravame específica e diferenciada das que figuran no epígrafe I do artigo 4.4 da ordenanza para as "redes de telecomunicacións" aplicándolles un coeficiente redutor por razón do interese xeral a que se refire o artigo 2 da lei 9/2004 de 9 de maio Xeral de Telecomunicacións, a mais do anterior establecer exención destas taxas nos ámbitos de Casco Vello e Bouzas."

Trárase, pois, dunha taxa por ocupación privativa ou aproveitamento especial que se cuantifica tomando coma referencia o valor de mercado da utilidade derivada da ocupación e que, unha vez determinado, o reduce atendendo a criterios de interese xeral, redución que chega ó máximo en dúas áreas nas que se tenta potenciar a implantación de redes.

Resulta neste tipo de taxas irrelevante calqueira mención ó custe do servizo, custe éste que ten incidencia nas taxas por prestación de servizos pero non nas de utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público, nas que o parámetro relevante non é nunca o beneficio que obtén o usuario pola utilización do dito dominio público sinón a perda de utilidade que experimenta a colectividade por mor da exclusión do dominio público do uso xeral, perda de utilidade ésta que ven referenciada (aínda que non igualada) ó valor de mercado e que, reiteramos, é independente do beneficio que obteña o ocupante, do mesmo xeito que o prezo de aluguer dun inmovible depende dos de inmobles semellantes e non do beneficio que obteña o arrendatario no dito inmovible.

Dado que os trocos propostos teñen cobertura legal, infórmase favorablemente con carácter previo a proposta de modificación, sin prexuízo do dictame concreto que se emitirá unha vez aprobada a proposta pola Xunta de Goberno Local e que resultará favorable de non se producir trocos na redacción dos textos

TRAMITACIÓN

Tal e coma se indicou pola Sala do TEACV en Informe aprobado o 15/06/2018:

Os expedientes de aprobación, modificación ou derogación das Ordenanzas Fiscais incoanranse por acordo do Sr. Alcalde ou Concelleiro Delegado, quen exporá a súa conformidade ás propostas dos órganos e servizos con responsabilidades en materia de ingresos, así como as súas lexítimas propostas coma representante político democráticamente elixido.

Unha vez incorporados os correspondentes informes xurídicos, técnicos e económicos, será redactado Informe-Proposta e o expediente será remitido á Intervención Xeral. Expresamente se solicitará a dito órgano que "de conformidade co indicado polo TEACV, órgano competente para o Ditame sobre os Proxectos de Ordenanzas Fiscais, deberá informarse sobre o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, suficiencia financeira e demais restricións orzamentarias que se poideran derivar do acordo proposto".

Con carácter potestativo poderá solicitarse ao TEACV, coma ven sucedendo dende a creación de éste, informe previo sobre a legalidade da Proposta de Proxecto que se somete a aprobación da Xunta de Goberno Local, a fin de que tanto polos órganos políticos como polos administrativos, exista garantía sobre a conformidade no Ditame que será emitido con posterioridade á aprobación, no seu caso, da Proposta de Proxecto pola Xunta de Goberno Local. Asimesmo, e se este órgano así o estima convinte, complementa o control de legalidade de quen teña atribuída dita función nos asuntos ue deban ser sometidos á consideración da Xunta de Goberno Local.

Unha vez aprobado o Proxecto pola Xunta de Goberno Local será novamente remitido ao TEACV, quen elaborará o correspondente Ditame. Incorporado o preceptivo Ditame, o expediente, agora xa completo, será remitido á Secretaría do Pleno a fin da súa posta de manifesto aos voceiros dos grupos municipais e para o seu estudo e debate en Comisión Informativa e no Pleno.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 14/09/2018 12:15

Páxina 2 de 3

Expediente 2491/500

CSV: 2AE85F-293E82-4A283D-BRXC4U-A5MLNP-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

De producirse trasaccións políticas na fase de Propostas de enmendas que varíen a redacción do Proxecto, deberá remitirse novamente o texto modificado á Intervención Xeral para o referido informe sobre cumprimento de restricións orzamentarias como previo á aprobación pola Xunta de Goberno Local do texto modificado e sometido a novo Ditame do TEACV.

O expediente co texto aprobado pola Xunta de Goberno Local e ditaminado polo TEACV se someterá a estudio e aprobación pola Comisión Informativa correspondente e será remitido para a súa aprobación provisional polo Pleno.

Producida dita aprobación inicial, exporase ao público por prazo de trinta días a fin de que por quen teña a condición de interesado poida ser plantexada a oportuna reclamación.

De ser presentadas reclamacións, determinarase previamente a admisibilidade das mesmas e, entre as admitidas, resolverase estimando ou desestimando as mesmas, dándose conta á Xunta de Goberno Local e remitíndose ao Pleno para aprobación definitiva. No caso de non presentarse reclamacións ou incorrer todas as presentadas en causa de inadmisibilidade, entenderáse aprobado o texto sen necesidade de remisión ao Pleno para a súa aprobación definitiva.

No caso de ser presentadas reclamacións admisibles contra o acordo de aprobación inicial, sexan estimadas ou non, procederá a remisión ao Pleno aos efectos da aprobación definitiva. No caso de que pola estimación de reclamación contra o Acordo de aprobación provisional se modifícase o texto da Ordenanza, será remitido previamente ao TEACV para novo Ditame. Sen prexuízo de que, tal e coma sucede con habitualidade, poidan ser requiridos deste órgano cantos Informes se estimen oportunos ao abeiro da función de asesoramento en materia tributaria que lle asignan expresamente os reiterados os artigos 137 da LRBRL e 2 ROTEACV."

Ó non se producir modificación algunha entre a proposta á Xunta de Goberno Local e o Proxecto de Modificación aprobado por ésta, compre procedente propoñer, en idénticos termos, dictame favorable ó mentado Proxecto de Modificación

Tralo exame da proposta subliñada, a Sala do Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo, no exercicio das súas competencias

ACORDA

Prestar conformidade á proposta e, en consecuencia, dictaminar favorablemente a proposta de modificación da Ordenanza subliñada

Vigo, a 03/08/2018

A Secretaria

Asdo: María Xosé Loureiro Bada

Vº e pr; o Presidente

Asdo: Albino Rodríguez Ferreira





Concello de Vigo-Secretaría Xeral

INFORME

Asunto. Modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora das Taxas por aproveitamento especial ou utilización privativa do dominio público local (Expediente 2491/500).

Lexislación aplicable.

CE. Constitución Española 1978.

LBRL. Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

LXT. Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

TRLRFL. Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

LPAC. Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común.

RDFHN. Real Decreto 180/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos Funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

ROMPV. Regulamento Orgánico Municipal do Pleno de Concello de Vigo. BOP 15.06.2016.

Antecedentes.

I. Con data 19.07.2018 a Xunta de Goberno Local ao amparo do sinalado no artigo 127.1.a) da LBRL e de conformidade coa proposta de data 10.07.2017 asinada pola técnica xurídica da Dirección de Ingresos e pola directora de Ingresos, ten adoptado acordo no que se aproba o proxecto de modificación do artigo 3 (engádega dun novo apartado 2.) e do artigo e do artigo 4.4 (engádega dun novo epígrafe I) da Ordenanza Fiscal das Taxas por aproveitamento especial ou utilización privativa do dominio público local .

II. Con data de 03.08.2018 remítese a esta Secretaría xeral do Pleno o Expediente para o trámite de posta de manifesto segundo o artigo 76 do ROP. O precepto citado, no seu apartado 4. sinala, “ O secretario xeral do Pleno comunicará aos Voceiros dos grupos municipais a existencia dun proxecto de norma e a apertura dun prazo de seis días ao obxecto presenten emendas ao texto”.

Previamente á comunicación sinalada esta Secretaría xeral, na súa función reservada de asesoramento legal preceptivo, artigo 3.3.d) 1º do RDFHN (aprobación ou modificación de Ordenanzas e Regulamentos), debe emitir informe; cumprimentando tal atribución emítese o seguinte,



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 14/09/2018 12:15

Páxina 1 de 3

Expediente 2491/500

CSV: 26EH5E-2H3C8D-4F2246-KX4F2E-2X3ZHH-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

INFORME

I. Segundo a Dirección de Ingresos a xustificación da modificación que se propón se fundamenta na seguinte circunstancia,

“Os grandes operadores de telefonía móbil que resultaban obrigados a tributar por aplicación da Ordenanza 35 teñen transmitido as súas redes de telecomunicacións no municipio de Vigo a outras empresas do grupo que teñen por obxecto principal o desenvolvemento, implantación e xestión das redes de infraestruturas así como de servizos de telecomunicación por cable pero non servizos de telefonía móbil. As empresas adquirentes son agora as que disfrutan do dereito de de ocupación do dominio público local a que se refire o artigo 30 da Lei 9/2014 e resultan obrigadas a tributar pola citada ocupación efectiva.

Cos citada operación de transmisión das redes e infraestruturas de comunicacións electrónicas a empresas que non prestan directamente os servizos de telefonía móbil, decae a condición de suxeito pasivo conforme a Ordenanza 35 dos operadores de telefonía móbil, en tanto non son titulares das redes de infraestruturas que ocupan o dominio público local.

A aplicación dos principios constitucionais de igualdade tributaria e xeneralidade determina a suxeición á tributación das empresas titulares de redes e infraestruturas que ocupan dominio público local, non existido xustificación ningunha para que a súa utilización privativa lles resulte gratuíta”.

Débense compartir os fundamentos expostos.

II. No Plan Normativo para o ano 2018, aprobado polo Pleno en sesión de data 29.11.2017, exclúanse as Ordenanzas Fiscais e as súas modificacións.

Con carácter previo á elaboración do proxecto non se instrumentou o trámite de consulta pública previsto no artigo 133.1 da LPAC en virtude do sinalado no apartado 4 do mesmo precepto. En efecto, a modificación que se propón carece de impacto significativo na actividade económica, tampouco impón obrigas relevantes aos destinatarios (mais ben as modera) e ademais regula un aspecto tributario moi parcial (minoración da cota anual dos “vehículos-motocicletas”).

III. Tramitación. Aprobado anteprojecto pola Xunta de Goberno Local, artigo 127.1.a) LBRL, o Expediente, e o proxecto de modificación remitirase aos Voceiros dos grupos políticos municipais ao obxecto de que presenten ante o Rexistro xeral do Pleno emendas no prazo de seis días, artigos 76.4 e 77.1 ROMPV; informadas as emendas polo Servizo redactor do proxecto, a proposta de acordo que resulte será ditaminada pola Comisión Informativa que corresponda (Comisión Informativa de Facenda), artigo 122.4.a) LBRL; o ditame resultante,



sen mais trámite, será elevado, no seu caso, ao Pleno para a súa aprobación inicial/provisional, artigo 123.1.d) LBRL (maioría simple); no mesmo acordo determinarase, mediante anuncio, a publicación do acordo na web municipal, no BOP e nun diario dos de maior difusión na provincia establecendo a apertura dun período de 30 días de información (exposición) pública dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas, artigos 17.1. e 17.2 do TRLRFL; o anuncio sinalará o lugar de exhibición do Expediente, debendo estar en todo caso a disposición das persoas que o soliciten a través de medios electrónicos na sede electrónica (web municipal) do Concello, artigo 83.2 LPAC; de non presentarse reclamacións entenderase definitivamente adoptado o acordo provisional sen necesidade de novo acordo plenario, artigo 17.3 TRLRFL, inciso final. O acordo definitivo, incluíndo o provisional elevado automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro da Ordenanza modificada publicarase no BOP sen que entre en vigor ata a súa publicación, artigo 17.4 TRLRFL.

IV. Infórmase favorablemente á modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora das Taxas por aproveitamento especial ou utilización privativa do dominio público local.

O secretario xeral do Pleno
José Riesgo Boluda

Data e sinatura dixital



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 14/09/2018 12:15

Páxina 3 de 3

Expediente 2491/500

CSV: 26EH5E-2H3C8D-4F2246-KX4F2E-2X3ZHH-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



Concello de Vigo

JOSÉ RIESGO BOLUDA, SECRETARIO DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ORZAMENTOS E FACENDA,

CERTIFICO: Que a Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, na súa sesión ordinaria do 30 de agosto de 2018, ditaminou a seguinte proposta:

6.- DITAME SOBRE A APROBACIÓN INICIAL DO PROXECTO DE MODIFICACIÓN PARA O EXERCICIO 2019 DA ORDENANZA REGULADORA DAS TAXAS POR APROVEITAMENTO ESPECIAL OU UTILIZACIÓN PRIVATIVA DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL. EXPTE: 2491/500. (1828/1101)

No expediente consta informe proposta emitido pola Dirección Xeral de Ingresos en data 29.06.2018 no que consta a seguinte modificación ao articulado vixente:

“Segundo instrucións do Sr. Concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, esta Dirección de Ingresos formula a proposta de **Modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora das Taxas por Aproveitamento Especial ou ou Utilización privativa do Dominio Público local**, que consta no presente expediente.

Antecedentes

A Ordenanza fiscal número 35 *reguladora da taxa pola utilización privativa e aproveitamento especial constituído no solo, subsolo ou voo da vía pública a favor de empresas explotadoras de servizos de telefonía móbil* resulta de aplicación a aquelas empresas explotadoras de servizos de telefonía móbil que son titulares de redes que ocupan dominio público local.

Os tribunais veñen refrendando de xeito reiterado a legalidade e validez desta ordenanza, que cumpre as esixencias derivadas do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL) así como os límites que marca o dereito europeo: Directiva 2002/21 Marco regulador común de redes e servizos de telecomunicacións (Directiva Marco), Directiva 2002/20 relativa á autorización de redes e servizos de telecomunicacións (Directiva Autorización), Directiva 2002/12 de Acceso ás redes de comunicacións e recursos asociados á súa interconexión (Directiva Acceso) e Directiva 2002/22 sobre servizo universal e dereitos dos usuarios en relación coas redes e os servizos de comunicacións electrónicas (Directiva de Servizo Universal).

Os grandes operadores de telefonía móbil que resultaban obrigados a tributar por aplicación da citada ordenanza nº 35, teñen transmitido as súas redes de telecomunicacións no municipio de Vigo a outras empresas do grupo que



teñen por obxecto social principal o despregamento, desenvolvemento, implantación e xestión das redes e infraestruturas así como servizos de telecomunicacións por cable pero non servizos de telefonía móbil. As empresas adquirentes son agora as que desfrutan do dereito de ocupación do dominio público local a que se refire o artigo 30 da lei 9/2014 e resultan obrigadas a tributar pola citada ocupación efectiva.

Coa citada operación de transmisión das redes e infraestruturas de comunicacións electrónicas a empresas que non prestan directamente os servizos de telefonía móbil, decae a condición de suxeito pasivo conforme a ordenanza nº 35 dos operadores de telefonía móbil, en tanto que non son titulares das redes e infraestruturas que ocupan o dominio público local.

A aplicación dos principios constitucionais de “igualdade tributaria” e “xeneralidade” determina a suxeición á tributación das empresas titulares de redes e infraestruturas que ocupan dominio público local, non existindo xustificación ningunha para que a súa utilización privativa do dominio público local lles resultare gratuíta.

Proposta de tributación conforme á ordenanza nº 30 reguladora das taxas por aproveitamento especial ou utilización privativa do dominio público local.

Segundo o artigo 20 do TRLRFL as entidades locais poderán establecer taxas pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local...

Segundo o artigo 23 do citado texto refundido son suxeitos pasivos das taxas, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas así como as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003 de 17 de decembro, Xeral Tributaria que desfruten, utilicen ou aproveiten especialmente o dominio público local en beneficio particular...

Segundo o artigo 24 do mesmo texto o importe das taxas previstas pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local fixarase... con carácter xeral, tomando como referencia o valor que tería no mercado a utilidade derivada de dita utilización ou aproveitamento, se os bens afectados non fosen de dominio público.

Da regulación europea non se desprende o contido concreto das taxas municipais sobre as ocupacións de dominio público local que realizan os operadores de comunicacións electrónicas pero si se deducen uns límites ou principios que deben inspirar ou cumprir as citadas taxas: transparencia, obxectividade, proporcionalidade e non discriminación, así como garantir o *uso óptimo do recurso ocupado ou utilizado*.

A necesidade dunha taxa para garantir o uso óptimo do recurso dominio público local explícase polo carácter escaso deste ben, que determina que a súa ocupación con conducións para redes de comunicacións electrónicas exclúe a utilización dese mesmo ben polos titulares doutras redes de servizos de interese xeral (auga, saneamento, gas, rede semaforica, alumeadado público etc) ou con outro tipo de utilizacións (bocas de rego, bocas para extinción de incendios, sistemas de protección de tráfico etc) o que obriga a racionalizar e



optimizar esta ocupación mediante a existencia dunha taxa.

As empresas que agora resultan titulares de redes deberán tributar conforme a ordenanza nº 30 Fiscal Reguladora das Taxas por Aproveitamento Especial ou Utilización privativa do Dominio Público local, cuxo artigo primeiro delimita o feito imponible.

“Constitúen feitos impositivos destas taxas os aproveitamentos especiais ou utilizacións privativas do solo, subsolo e voo do dominio público local seguintes:

a. Instalación de surtidores de gasolina, aparatos de venda automática, fotografía, básculas, caixas de distribución e de rexistro no solo ou voo, bocas de carga de combustible, arquetas, postes, caixeiros automáticos, ramplas ou calquera outra instalación a servizo das edificacións e tamén con casetas de obras e outros elementos afectos ás mesmas na parte que exceda do replanteo correspondente á obra principal, así como, conducións de enerxía eléctrica, gas, fibra óptica e restantes servizos ou suministros, e calquera outros aproveitamentos especiais ou utilizacións privativas no solo ou voo do dominio público local.

.....

i. Caixas de distribución e de rexistro no subsolo, tendidos, entubados, galerías para condución de enerxía eléctrica, auga, gas, fibra óptica ou calquera outro servizo e outros aproveitamentos especiais ou utilizacións privativas no subsolo do dominio público local.

j. Calquera outro aproveitamento especial do dominio público titularidade deste Concello.”

A ocupación efectiva por redes de telecomunicacións está incluída no feito imponible desta ordenanza, segundo o regulado no artigo 1 apartados a) e i). No artigo 4 apartado 4, epígrafe l) figuran unha serie de tarifas para ocupacións no subsolo con “conducións de fibra óptica e ...calquera outros aproveitamentos especiais ou utilizacións privativas no solo ou voo no dominio público local”, “entubados e galerías para condución de enerxía eléctrica, auga, gas, fibra óptica e calquera outro servizo, e outros aproveitamentos especiais ou utilizacións privativas no subsolo do dominio público local”.

Sen embargo, estímase oportuno establecer unha cuantificación do gravame específica e diferenciada das que figuran no epígrafe l. para as “redes de telecomunicacións” aplicándolles un coeficiente redutor por razón do “interese xeral” a que se refire o artigo 2 da Lei 9/2004 de 9 de maio Xeral de Telecomunicacións.

Así, conforme ao estudo técnico-económico que acompaña este expediente destinado a obter o “valor que tería no mercado a utilidade derivada da utilización ou aproveitamento do dominio público local” procedemos a fixar as tarifas que se inclúen no epígrafe l.4 do artigo 4.4 da ordenanza.

Para establecer unha taxa non discriminatoria, xustificada obxectivamente e proporcional á ocupación efectiva, partimos dos prezos medios obtidos no



mercado de alugueres, que constan na páxina 4 do Informe técnico-económico:

Categorías rúas:	1ª	2ª	3ª	4ª	5ª	6ª	
Prezos aluguer m ² por ano:			93,20€		71,39€	70,31€	56,92€
	52,49€	45,36€					

Coa finalidade de determinar tarifas obxectivas e proporcionais á utilización do dominio público, compre ter en conta unha serie de factores que incrementan ou minoran os valores de referencia anteriores.

A ocupación do subsolo urbano como colector de infraestruturas urbanas, (auga, saneamento, gas, electricidade, alumeadado público, telecomunicacións,...) caracterízase porque a utilización de unha unidade de subsolo (calquera que sexa a súa forma de medición: lonxitudinal, en superficie ou en volume) comporta a inutilización dun cantidade maior debido ás interferencias que unha instalación provoca nas demais.

A interferencia de usos no subsolo urbano ponse de manifesto, de maneira ostensible, cando una entidade local decide o aproveitamento de subsolo de dominio publico para outros servizos á comunidade como pode ser un túnel ou un parking. Se estas infraestruturas son ubicadas no centro da cidade –que é onde resulta mais imperiosa a súa necesidade– normalmente comportará un traslado de conducións e redes de servizos instalados no subsolo que, na súa meirande parte, ven sendo sufragado pola propia Entidade Local.

Outra agravante da intensidade do aproveitamento especial do subsolo é o feito da existencia de arquetas ou tapas de acceso á conducións soterradas que se colocan normalmente en beirarrúas e que interfieren o uso común xeral deste ben de dominio publico local coas tarefas de mantemento, reparacións, novas acometidas etc. Resulta complicado valorar economicamente esta interferencia, pero non por iso podemos obviar esta realidade. Por simplificar a normativa e a xestión desta taxa non se someterá a unha tarifa especifica a ocupación de solo público con arquetas ou tapas de acceso a unha condución soterrada.

A incidencia ou afectación que, como mínimo, supoñen as conducións soterradas de servizos de telecomunicación aparece reflexada na “ordenanza reguladora das obras e as conseguintes ocupacións necesarias para implantación de servizos na vía publica” do concello de Vigo; publicada no BOP nº 18 de 25 de xaneiro de 2002”. Determinase nela que as conducións de servizos de telecomunicacións deberán contar con 25 cm. a cada lado, sendo a súa profundidade mínima de 0,80 m medida dende o teito do prisma ata a rasante. Segundo o anterior, unha condución dun metro lineal ocupa unha superficie mínima de subsolo de 7500 cm² (0,75 m²) considerando os 50 cm a ambos lados máis 25 cm de anchura da condución.

Como contrapunto, compre poñer de manifesto que as ocupacións que pretendemos gravar, que se sitúan no subsolo, carecen das características construtivas de “local” que constan de construción e solo. É unha realidade que nas rúas mais céntricas o custe de construción é inferior a metade do valor do local pero nas periféricas sucede ao revés, o valor da construción supera ao valor do solo. Por este motivo realízase unha corrección promedio á



metade dos prezos obtidos no estudo de mercado.

Segundo o exposto no anterior apartado 5, as tarifas serían as seguintes:

Categorías rúas:	1ª	2ª	3ª	4ª	5ª	6ª	
Prezo m ² subsolo por ano:			46,60€		35,70€	35,16€	28,46€
	26,25€	22,68€					

Considerando a ocupación superficial mínima en subsolo segundo a ordenanza xeral de obras antedita de 0,75 m² por metro lineal e obviando as ocupacións en superficie con arquetas e tapas, obtemos as seguintes tarifas por metro lineal de conducción soterrada:

Categorías rúas:	1ª	2ª	3ª	4ª	5ª	6ª	
Tarifa m lonx por ano:		34,95€		26,78€		26,37€	21,35€
	19,69€	17,01€					

Dito noutros términos que conectan co disposto no artigo 24.1.a do TRLRFL: “o valor que tería no mercado a utilidade derivada da utilización ou aproveitamento, dunha superficie de 0,75 m² de subsolo, se os bens afectados non fosen de dominio público” sería:

Categorías rúas:	1ª	2ª	3ª	4ª	5ª	6ª	
Tarifa m lonx por ano:		34,95€		26,78€		26,37€	21,35€
	19,69€	17,01€					

Ponderando a consideración de “interese xeral” que establece a Lei 9/2014 de 9 de maio Xeral de Telecomunicacións para estes servizos xunto coa escasez crecente de subsolo urbano conforme nos desprazamos dende a periferia da cidade cara ao centro, xunto coas interferencias ao uso común xeral que son maiores na cidade compactada que en diseminado, establecemos unha serie de coeficientes correctores que reducen a tarifa anterior:

Categorías rúas:	1ª	2ª	3ª	4ª	5ª	6ª
Corrector por “interese xeral”:	0,5	0,4	0,3	0,01	0,01	0,01

Como pode apreciarse, aplicase un coeficiente corrector de 0,01 para emprazamentos situados en 4ª, 5ª e 6ª categoría fiscal que converten a tarifa a aplicar neste ámbito territorial, en simbólica. Explícase este proceder para que a taxa no disuada aos operadores de telecomunicacións da extensión das súas redes en zonas da cidade nas que o dominio público local resulta menos escaso.

Desta forma a tarifa resultante para os aproveitamentos especiais en subsolo público local mediante conducións destinadas a redes e outras infraestruturas de telecomunicacións, sería a seguinte:



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 14/09/2018 12:15

Páxina 5 de 10

Expediente 2491/500

CSV: 2DE35B-213982-4B235C-UWXTR7-VQHTGP-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

Categorías rúas:	1ª	2ª	3ª	4ª	5ª	6ª
Tarifa m lonx ou fracción e ano ou fracción.	17,47€	10,71€	7,91€	0,21€	0,20€	0,17€

Coa finalidade de ponderar positivamente o despregamento de redes nas zonas menos poboadas que corresponden as categorías fiscais de 4ª, 5ª e 6ª establécense, para cada suxeito pasivo unha serie de reducións, sobre a cota tributaria resultante da tarifa anterior, conforme a seguinte táboa:

% de lonxitude de rede despregada en emprazamentos de categorías 4ª, 5ª e 6ª respecto da total lonxitude da rede despregada no municipio.	% de redución da cota
Do 35% ao 39,99%	5%
Do 40% ao 44,99%	10%
Do 45% ao 49,99%	20%
Do 50% ao 55,00%	30%
máis do 55%	40%

Informe sobre repercusión orzamentaria.

Informase que a previsión de ingresos adicionais nas partidas 33300 e 33309 relativas as taxas de aproveitamento especial ou utilización privativa do dominio público local con conducións para redes de telecomunicacións ascenderá para o exercicio 2019 e seguintes a 610.000€:

Categoría fiscal	Lonxitude da condución	Importe taxa
1ª	50.000 m.	762.000 €
2ª	93.000 m.	822.000 €
3ª	28.000 m.	189.000 €
4ª	34.000 m.	6.000 €
5ª	64.000 m.	10.000 €
6ª	24.000 m.	4.000 €
Total		1.793.000 €

Do calculo anterior debemos restar 800.000€ que xa constan como previsión orzamentaria no exercicio 2018 así como 384.000€ que veñen sendo autoliquidados polos operadores segundo o procedemento previsto no artigo 4.5 da ordenanza ($1.793.000 - 800.000 - 384.000 = 609.000€$).

Informe sobre o impacto de xénero.

A presente modificación non introduce ningunha disposición que teña incidencia por razón de xénero, xa que afecta só a contribuíntes que son persoas xurídicas. Consecuentemente, o impacto por razón de xénero será nulo.



Innecesariade do tramite previsto no artigo 133 da Lei 39/2015 do 1 de outubro do PAC.

Segundo o apartado 4 do artigo 133 da Lei 39/2015, “cando a proposta normativa non teña un impacto significativo na actividade económica, non impoña obrigas relevantes aos destinatarios ou regule aspectos parciais dunha materia, poderá omitirse a consulta pública” a que se refire o apartado 1 do mesmo artigo.

Segundo informe do Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo de data 20.06.17 coincidente co da Dirección Xeral de Tributos de data 10 de xaneiro de 2018: “o trámite de consulta previa debe substanciarse cando se trata dunha nova ordenanza fiscal, mentres que no caso da modificación dunha ordenanza fiscal aprobada con anterioridade, pode obviarse dito trámite por tratarse dunha regulación parcial da materia”.

Tramitación da modificación.

O expediente deberá ser tramitado conforme dispón o artigo 111 da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das bases de réxime local (LRBRL), artigos 15 a 19 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais (TRLRFL), e artigo 137 apartado 1 b) da citada LRBRL.

Segundo informe do TEA do Concello de data 15 de xuño de 2018, *«unha vez incorporados os correspondentes informes xurídicos, técnicos e económicos, será redactado Informe-Proposta e o expediente será remitido á Intervención Xeral. Expresamente se solicitará a dito órgano que “de conformidade co indicado polo TEACV, órgano competente para o Ditame sobre os Proxectos de Ordenanzas Fiscais, deberá informarse sobre o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, suficiencia financeira e demais restricións orzamentarias que se puideran derivar do acordo proposto”.*

Con carácter potestativo poderá solicitarse ao TEACV, como ven sucedendo dende a creación deste, informe previo sobre a legalidade da Proposta de Proxecto que se somete a aprobación da Xunta de Goberno Local, a fin de que, tanto polos órganos políticos como polos administrativos, exista garantía sobre a conformidade no Ditame que será emitido con posterioridade á aprobación, no seu caso, da Proposta de Proxecto pola Xunta de Goberno Local. Así mesmo, e se este órgano así o estima conveniente, complementa o control de legalidade de quen teña atribuída dita función nos asuntos que deban ser sometidos á consideración da Xunta de Goberno Local.

Unha vez aprobado o Proxecto pola Xunta de Goberno Local será novamente remitido ao TEACV, quen elaborará o correspondente Ditame. Incorporado o preceptivo Ditame, o expediente, agora xa completo, será remitido á Secretaría do Pleno a fin da súa posta de manifesto aos voceiros dos grupos municipais e para o seu estudio e debate en Comisión Informativa e no Pleno.

De producirse transaccións políticas na fase de Propostas de emendas que varíen a redacción do Proxecto, deberá remitirse novamente o texto modificado á Intervención Xeral para o referido informe sobre cumprimento de



restricións orzamentarias como previo á aprobación pola Xunta de Goberno Local do texto modificado e sometido a novo Ditame do TEACV.

O expediente co texto aprobado pola Xunta de Goberno Local e ditaminado polo TEACV someterase a estudo e aprobación pola Comisión Informativa correspondente e será remitido para a súa aprobación provisional polo Pleno.

Producida dita aprobación provisional, exporase ao público por prazo de trinta días a fin de que, por quen teña a condición de interesado, poida ser plantexada a oportuna reclamación.

De ser presentadas reclamacións, determinarase previamente a admisibilidade das mesmas e, entre as admitidas, resolverase estimando ou desestimando as mesmas, dándose conta á Xunta de Goberno Local e remitíndose ao Pleno para aprobación definitiva. No caso de non presentarse reclamacións ou incorrer todas as presentadas en causa de inadmisibilidade, entenderase aprobado o texto sen necesidade de remisión ao Pleno para a súa aprobación definitiva.

No caso de ser presentadas reclamacións admisibles contra o acordo de aprobación provisional, sexan estimadas ou non, procederá a remisión ao Pleno aos efectos da aprobación definitiva. No caso de que pola estimación de reclamación contra o Acordo de aprobación provisional se modifícase este, o texto da Ordenanza será remitido previamente ao TEACV para novo Ditame».

A vista do anterior, esta Dirección de Ingresos solicita, da Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

ACORDO:

1º) Aprobar a seguinte:

“MODIFICACIÓN DOS SEGUINTE ARTIGOS DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POR APROVEITAMENTO ESPECIAL OU UTILIZACIÓN PRIVATIVA DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL”.

ARTIGO 3.- EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS.

Engádesse un parágrafo no apartado 3.2., quedando redactado como segue:

2. Así mesmo, estarán exentas de pagamento as taxas por aproveitamentos especiais sinalados no apartado b) do artigo 1) desta Ordenanza necesarios para realizar obras na denominada Área de rehabilitación integrada Casco Vello de Vigo, acordada pola CPTOPV con data 20.09.97, así como as obras incluídas nos Plans Especiais de Reforma Interior de Bouzas e Casco Vello.

Igualmente, estarán exentas de pagamento, nos mesmos ámbitos territoriais as taxas por aproveitamentos especiais ou utilizacións privativas do subsolo con entubados para redes de telecomunicacións e outras infraestruturas para estes servizos.

ARTIGO 4.- COTAS.



Introdúcese no artigo 4. 4 Tarifas o seguinte epígrafe.

I.4. Por ocupación do subsolo con entubados para redes de telecomunicacións e outras infraestruturas para estes servizos:

Categorías rúas:	1ª	2ª	3ª	4ª	5ª	6ª
Tarifa m lonx ou fracción e ano ou fracción.	17,47€		10,71€		7,91€	0,21€ 0,20€ 0,17€

Coa finalidade de ponderar positivamente o despregamento de redes nas zonas menos poboadas que corresponden as categorías fiscais de 4ª, 5ª e 6ª establécense, para cada suxeito pasivo unha serie de reducións, sobre a cota tributaria resultante da tarifa anterior, conforme a seguinte táboa:

% de lonxitude de rede despregada en emprazamentos de categorías 4ª, 5ª e 6ª respecto da total lonxitude da rede despregada no municipio.	% de redución da cota
Do 35% ao 39,99%	5%
Do 40% ao 44,99%	10%
Do 45% ao 49,99%	20%
Do 50% ao 55,00%	30%
máis do 55%	40%".

En sesión de data 19 de xullo, a Xunta de Goberno Local aprobou o proxecto de modificación.

- En data 17.08.2018 o grupo municipal Partido Popular e o grupo municipal de Marea de Vigo en data 22.08.18 achegan escrito de presentación de emendas e escrito de rectificación de emendas con data 23.08.18.

En data de 23.08.2018 a Dirección de Ingresos emite informes en relación ás emendas presentadas.

En data de 27.08.18 o Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo emite ditame en relación ás emendas presentadas ás ordenanzas.

Á vista dos antecedentes mencionados e dos informes emitidos, a Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda por seis votos a favor (Grupo Municipal Socialista; tres abstencións (Grupo Municipal Popular e Grupo Municipal Marea de Vigo) eleva ó Pleno do concello o seguinte Ditame:

1º) Aprobación provisional do Proxecto ditaminado en sesión plenaria.



2º) Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no BOP, Taboleiro do Concello e Prensa Local para exame e reclamacións.

3º) Para o caso de non presentarse reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

a) Publicar o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.

b) Facultar á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.

E para que conste e a efectos da súa inclusión na orde do día do Pleno da Corporación, expido a presente en Vigo, á data de sinatura dixital.

lc.





Concello de Vigo

JOSE RIESGO BOLUDA, SECRETARIO XERAL DO PLENO DO CONCELLO DE VIGO,

CERTIFICA: Que o Pleno do Concello, en sesión ordinaria (agosto) do día **5 de setembro de 2018**, adoptou o seguinte acordo:

7.- APROBACIÓN INICIAL DO PROXECTO DE MODIFICACIÓN PARA O EXERCICIO 2019 DA ORDENANZA REGULADORA DAS TAXAS POR APROVEITAMENTO ESPECIAL OU UTILIZACIÓN PRIVATIVA DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL. EXPTE: 2491/500. (1828/1101)

ANTECEDENTES: No expediente consta informe proposta emitido pola Dirección Xeral de Ingresos en data 29.06.2018 no que consta a seguinte modificación ao articulado vixente:

“Segundo instrucións do Sr. Concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, esta Dirección de Ingresos formula a proposta de Modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora das Taxas por Aproveitamento Especial ou ou Utilización privativa do Dominio Público local, que consta no presente expediente.

Antecedentes

A Ordenanza fiscal número 35 *reguladora da taxa pola utilización privativa e aproveitamento especial constituído no solo, subsolo ou voo da vía pública a favor de empresas explotadoras de servizos de telefonía móbil* resulta de aplicación a aquelas empresas explotadoras de servizos de telefonía móbil que son titulares de redes que ocupan dominio público local.

Os tribunais veñen refrendando de xeito reiterado a legalidade e validez desta ordenanza, que cumpre as esixencias derivadas do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL) así como os límites que marca o dereito europeo: Directiva 2002/21 Marco regulador común de redes e servizos de telecomunicacións (Directiva Marco), Directiva 2002/20 relativa á autorización de redes e servizos de telecomunicacións (Directiva Autorización), Directiva 2002/12 de Acceso ás redes de comunicacións e recursos asociados á súa interconexión (Directiva Acceso) e Directiva 2002/22 sobre servizo universal e dereitos dos usuarios en relación coas redes e os servizos de comunicacións electrónicas (Directiva de Servizo Universal).

Os grandes operadores de telefonía móbil que resultaban obrigados a tributar por aplicación da citada ordenanza nº 35, teñen transmitido as súas redes de telecomunicacións no municipio de Vigo a outras empresas do grupo que teñen por obxecto social principal o despregamento, desenvolvemento, implantación e xestión das redes e infraestruturas así como servizos de telecomunicacións por cable pero non servizos de telefonía móbil. As empresas adquirentes son agora as que desfrutan do dereito de ocupación do dominio publico local a que se refire o artigo 30 da lei 9/2014 e resultan obrigadas a tributar pola citada ocupación



efectiva.

Coa citada operación de transmisión das redes e infraestruturas de comunicacións electrónicas a empresas que non prestan directamente os servizos de telefonía móbil, decae a condición de suxeito pasivo conforme a ordenanza nº 35 dos operadores de telefonía móbil, en tanto que non son titulares das redes e infraestruturas que ocupan o dominio público local.

A aplicación dos principios constitucionais de “igualdade tributaria” e “xeneralidade” determina a suxeición á tributación das empresas titulares de redes e infraestruturas que ocupan dominio publico local, non existindo xustificacón ningunha para que a súa utilización privativa do dominio público local lles resultare gratuíta.

Proposta de tributación conforme á ordenanza nº 30 reguladora das taxas por aproveitamento especial ou utilización privativa do dominio público local.

Segundo o artigo 20 do TRLRFL as entidades locais poderán establecer taxas pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio publico local...

Segundo o artigo 23 do citado texto refundido son suxeitos pasivos das taxas, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas así como as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003 de 17 de decembro, Xeral Tributaria que desfruten, utilicen ou aproveiten especialmente o dominio publico local en beneficio particular...

Segundo o artigo 24 do mesmo texto o importe das taxas previstas pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio publico local fixarase... con carácter xeral, tomando como referencia o valor que tería no mercado a utilidade derivada de dita utilización ou aproveitamento, se os bens afectados non fosen de dominio publico.

Da regulación europea non se desprende o contido concreto das taxas municipais sobre as ocupacións de dominio publico local que realizan os operadores de comunicacións electrónicas pero si se deducen uns limites ou principios que deben inspirar ou cumprir as citadas taxas: transparencia, obxectividade, proporcionalidade e non discriminación, así como garantir o *uso óptimo do recurso ocupado ou utilizado*.

A necesidade dunha taxa para garantir o uso óptimo do recurso dominio publico local explícase polo carácter escaso deste ben, que determina que a súa ocupación con conducións para redes de comunicacións electrónicas exclúe a utilización dese mesmo ben polos titulares doutras redes de servizos de interese xeral (auga, saneamento, gas, rede semaforica, alumeadado publico etc) ou con outro tipo de utilizacións (bocas de rego, bocas para extinción de incendios, sistemas de protección de trafico etc) o que obriga a racionalizar e optimizar esta ocupación mediante a esixencia dunha taxa.

As empresas que agora resultan titulares de redes deberán tributar conforme a ordenanza nº 30 Fiscal Reguladora das Taxas por Aproveitamento Especial ou Utilización privativa do Dominio Público local, cuxo artigo primeiro delimita o feito imponible.

“Constitúen feitos impositivos destas taxas os aproveitamentos especiais ou utilizacións privativas do solo, subsolo e voo do dominio público local seguintes:



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 14/09/2018 12:15

Páxina 2 de 10

Expediente 2491/500

CSV: 22E85H-253E8B-4C22C6-1XRGQT-TZXNPG-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

a. *Instalación de surtidores de gasolina, aparatos de venda automática, fotografía, básculas, caixas de distribución e de rexistro no solo ou voo, bocas de carga de combustible, arquetas, postes, caixeiros automáticos, ramplas ou calquera outra instalación a servizo das edificacións e tamén con casetas de obras e outros elementos afectos ás mesmas na parte que exceda do replanteo correspondente á obra principal, así como, conducións de enerxía eléctrica, gas, fibra óptica e restantes servizos ou suministros, e calquera outros aproveitamentos especiais ou utilizacións privativas no solo ou voo do dominio público local.*

.....

i. *Caixas de distribución e de rexistro no subsolo, tendidos, entubados, galerías para conducción de enerxía eléctrica, auga, gas, fibra óptica ou calquera outro servizo e outros aproveitamentos especiais ou utilizacións privativas no subsolo do dominio público local.*

j. *Calquera outro aproveitamento especial do dominio público titularidade deste Concello."*

A ocupación efectiva por redes de telecomunicacións está incluída no feito impoñible desta ordenanza, segundo o regulado no artigo 1 apartados a) e i). No artigo 4 apartado 4, epígrafe l) figuran unha serie de tarifas para ocupacións no subsolo con "conducións de fibra óptica e ...calquera outros aproveitamentos especiais ou utilizacións privativas no solo ou voo no dominio público local", "entubados e galerías para conducción de enerxía eléctrica, auga, gas, fibra óptica e calquera outro servizo, e outros aproveitamentos especiais ou utilizacións privativas no subsolo do dominio público local".

Sen embargo, estímase oportuno establecer unha cuantificación do gravame específica e diferenciada das que figuran no epígrafe l. para as "redes de telecomunicacións" aplicándolles un coeficiente redutor por razón do "interese xeral" a que se refire o artigo 2 da Lei 9/2004 de 9 de maio Xeral de Telecomunicacións.

Así, conforme ao estudio técnico-económico que acompaña este expediente destinado a obter o "valor que tería no mercado a utilidade derivada da utilización ou aproveitamento do dominio público local" procedemos a fixar as tarifas que se inclúen no epígrafe l.4 do artigo 4.4 da ordenanza.

Para establecer unha taxa non discriminatoria, xustificada obxectivamente e proporcional á ocupación efectiva, partimos dos prezos medios obtidos no mercado de alugueres, que constan na páxina 4 do Informe técnico-económico:

Categorías rúas:	1ª	2ª	3ª	4ª	5ª	6ª	
Prezos aluguer m ² por ano:			93,20€		71,39€	70,31€	56,92€
	52,49€	45,36€					

Coa finalidade de determinar tarifas obxectivas e proporcionais á utilización do dominio público, compre ter en conta unha serie de factores que incrementan ou minoran os valores de referencia anteriores.

A ocupación do subsolo urbano como colector de infraestruturas urbanas, (auga, saneamento, gas, electricidade, alumeadado público, telecomunicacións,...)



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 14/09/2018 12:15

Páxina 3 de 10

Expediente 2491/500

CSV: 22E85H-253E8B-4C22C6-1XRGQT-TZXNPG-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

caracterízase porque a utilización de unha unidade de subsolo (calquera que sexa a súa forma de medición: lonxitudinal, en superficie ou en volume) comporta a inutilización dun cantidade maior debido ás interferencias que unha instalación provoca nas demais.

A interferencia de usos no subsolo urbanoponse de manifesto, de maneira ostensible, cando una entidade local decide o aproveitamento de subsolo de dominio publico para outros servizos á comunidade como pode ser un túnel ou un parking. Se estas infraestruturas son ubicadas no centro da cidade –que é onde resulta mais imperiosa a súa necesidade– normalmente comportará un traslado de conducións e redes de servizos instalados no subsolo que, na súa meirande parte, ven sendo sufragado pola propia Entidade Local.

Outra agravante da intensidade do aproveitamento especial do subsolo é o feito da existencia de arquetas ou tapas de acceso á conducións soterradas que se colocan normalmente en beirarrúas e que interfieren o uso común xeral deste ben de dominio publico local coas tarefas de mantemento, reparacións, novas acometidas etc. Resulta complicado valorar economicamente esta interferencia, pero non por iso podemos obviar esta realidade. Por simplificar a normativa e a xestión desta taxa non se someterá a unha tarifa específica a ocupación de solo público con arquetas ou tapas de acceso a unha condución soterrada.

A incidencia ou afectación que, como mínimo, supoñen as conducións soterradas de servizos de telecomunicación aparece reflexada na “ordenanza reguladora das obras e as conseguintes ocupacións necesarias para implantación de servizos na vía publica” do concello de Vigo; publicada no BOP nº 18 de 25 de xaneiro de 2002”. Determinase nela que as conducións de servizos de telecomunicacións deberán contar con 25 cm. a cada lado, sendo a súa profundidade mínima de 0,80 m medida dende o teito do prisma ata a rasante. Segundo o anterior, unha condución dun metro lineal ocupa unha superficie mínima de subsolo de 7500 cm² (0,75 m²) considerando os 50 cm a ambos lados máis 25 cm de anchura da condución.

Como contrapunto, compre poñer de manifesto que as ocupacións que pretendemos gravar, que se sitúan no subsolo, carecen das características construtivas de “local” que constan de construción e solo. É unha realidade que nas rúas mais céntricas o custe de construción é inferior a metade do valor do local pero nas periféricas sucede ao revés, o valor da construción supera ao valor do solo. Por este motivo realízase unha corrección promedio á metade dos prezos obtidos no estudo de mercado.

Segundo o exposto no anterior apartado 5, as tarifas serían as seguintes:

Categorías rúas:	1ª	2ª	3ª	4ª	5ª	6ª	
Prezo m ² subsolo por ano:			46,60€		35,70€	35,16€	28,46€
	26,25€	22,68€					

Considerando a ocupación superficial mínima en subsolo segundo a ordenanza xeral de obras antedita de 0,75 m² por metro lineal e obviando as ocupacións en superficie con arquetas e tapas, obtemos as seguintes tarifas por metro lineal de condución soterrada:

Categorías rúas:	1ª	2ª	3ª	4ª	5ª	6ª	
Tarifa m lonx por ano:	34,95€		26,78€		26,37€	21,35€	19,69€



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 14/09/2018 12:15

Páxina 4 de 10

Expediente 2491/500

CSV: 22E85H-253E8B-4C22C6-1XRGQT-TZXNPG-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

17,01€

Dito noutros términos que conectan co disposto no artigo 24.1.a do TRLRFL: “o valor que tería no mercado a utilidade derivada da utilización ou aproveitamento, dunha superficie de 0,75 m² de subsolo, se os bens afectados non fosen de dominio público” sería:

Categorías rúas:	1ª	2ª	3ª	4ª	5ª	6ª
Tarifa m lonx por ano:	34,95€	26,78€	26,37€	21,35€	19,69€	17,01€

Ponderando a consideración de “interese xeral” que establece a Lei 9/2014 de 9 de maio Xeral de Telecomunicacións para estes servizos xunto coa escasez crecente de subsolo urbano conforme nos desprazamos dende a periferia da cidade cara ao centro, xunto coas interferencias ao uso común xeral que son maiores na cidade compactada que en diseminado, establecemos unha serie de coeficientes correctores que reducen a tarifa anterior:

Categorías rúas:	1ª	2ª	3ª	4ª	5ª	6ª
Corrector por “interese xeral”:	0,5	0,4	0,3	0,01	0,01	0,01

Como pode apreciarse, aplicase un coeficiente corrector de 0,01 para emprazamentos situados en 4ª, 5ª e 6ª categoría fiscal que converten a tarifa a aplicar neste ámbito territorial, en simbólica. Explícase este proceder para que a taxa no disuada aos operadores de telecomunicacións da extensión das súas redes en zonas da cidade nas que o dominio público local resulta menos escaso.

Desta forma a tarifa resultante para os aproveitamentos especiais en subsolo público local mediante conducións destinadas a redes e outras infraestruturas de telecomunicacións, sería a seguinte:

Categorías rúas:	1ª	2ª	3ª	4ª	5ª	6ª
Tarifa m lonx ou fracción e ano ou fracción.	17,47€	10,71€	7,91€	0,21€	0,20€	0,17€

Coa finalidade de ponderar positivamente o despregamento de redes nas zonas menos poboadas que corresponden as categorías fiscais de 4ª, 5ª e 6ª establécense, para cada suxeito pasivo unha serie de reducións, sobre a cota tributaria resultante da tarifa anterior, conforme a seguinte táboa:

% de lonxitude de rede despregada en emprazamentos de categorías 4ª, 5ª e 6ª respecto da total lonxitude da rede despregada no municipio.	% de redución da cota
Do 35% ao 39,99%	5%
Do 40% ao 44,99%	10%
Do 45% ao 49,99%	20%
Do 50% ao 55,00%	30%
máis do 55%	40%



Informe sobre repercusión orzamentaria.

Informase que a previsión de ingresos adicionais nas partidas 33300 e 33309 relativas as taxas de aproveitamento especial ou utilización privativa do dominio público local con conducións para redes de telecomunicacións ascenderá para o exercicio 2019 e seguintes a 610.000€:

Categoría fiscal	Lonxitude da condución	Importe taxa
1ª	50.000 m.	762.000 €
2ª	93.000 m.	822.000 €
3ª	28.000 m.	189.000 €
4ª	34.000 m.	6.000 €
5ª	64.000 m.	10.000 €
6ª	24.000 m.	4.000 €
Total		1.793.000 €

Do calculo anterior debemos restar 800.000€ que xa constan como previsión orzamentaria no exercicio 2018 así como 384.000€ que veñen sendo autoliquidados polos operadores segundo o procedemento previsto no artigo 4.5 da ordenanza (1.793.000-800.000-384.000 = 609.000€).

Informe sobre o impacto de xénero.

A presente modificación non introduce ningunha disposición que teña incidencia por razón de xénero, xa que afecta só a contribuíntes que son persoas xurídicas. Consecuentemente, o impacto por razón de xénero será nulo.

Innecesariedade do tramite previsto no artigo 133 da Lei 39/2015 do 1 de outubro do PAC.

Segundo o apartado 4 do artigo 133 da Lei 39/2015, “cando a proposta normativa non teña un impacto significativo na actividade económica, non impoña obrigas relevantes aos destinatarios ou regule aspectos parciais dunha materia, poderá omitirse a consulta pública” a que se refire o apartado 1 do mesmo artigo.

Segundo informe do Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo de data 20.06.17 coincidente co da Dirección Xeral de Tributos de data 10 de xaneiro de 2018: “o trámite de consulta previa debe substanciarse cando se trata dunha nova ordenanza fiscal, mentres que no caso da modificación dunha ordenanza fiscal aprobada con anterioridade, pode obviarse dito trámite por tratarse dunha regulación parcial da materia”.

Tramitación da modificación.

O expediente deberá ser tramitado conforme dispón o artigo 111 da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das bases de réxime local (LRBRL), artigos 15 a 19 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais (TRLRFL), e artigo 137 apartado 1 b) da citada LRBRL.

Segundo informe do TEA do Concello de data 15 de xuño de 2018, «unha vez incorporados os correspondentes informes xurídicos, técnicos e económicos, será



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 14/09/2018 12:15

Páxina 6 de 10

Expediente 2491/500

CSV: 22E85H-253E8B-4C22C6-1XRGQT-TZXNPG-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

redactado Informe-Proposta e o expediente será remitido á Intervención Xeral. Expresamente se solicitará a dito órgano que “de conformidade co indicado polo TEACV, órgano competente para o Ditame sobre os Proxectos de Ordenanzas Fiscais, deberá informarse sobre o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, suficiencia financeira e demais restricións orzamentarias que se puideran derivar do acordo proposto”.

Con carácter potestativo poderá solicitarse ao TEACV, como ven sucedendo dende a creación deste, informe previo sobre a legalidade da Proposta de Proxecto que se somete a aprobación da Xunta de Goberno Local, a fin de que, tanto polos órganos políticos como polos administrativos, exista garantía sobre a conformidade no Ditame que será emitido con posterioridade á aprobación, no seu caso, da Proposta de Proxecto pola Xunta de Goberno Local. Así mesmo, e se este órgano así o estima conveniente, complementa o control de legalidade de quen teña atribuída dita función nos asuntos que deban ser sometidos á consideración da Xunta de Goberno Local.

Unha vez aprobado o Proxecto pola Xunta de Goberno Local será novamente remitido ao TEACV, quen elaborará o correspondente Ditame. Incorporado o preceptivo Ditame, o expediente, agora xa completo, será remitido á Secretaría do Pleno a fin da súa posta de manifesto aos voceiros dos grupos municipais e para o seu estudio e debate en Comisión Informativa e no Pleno.

De producirse transaccións políticas na fase de Propostas de emendas que varíen a redacción do Proxecto, deberá remitirse novamente o texto modificado á Intervención Xeral para o referido informe sobre cumprimento de restricións orzamentarias como previo á aprobación pola Xunta de Goberno Local do texto modificado e sometido a novo Ditame do TEACV.

O expediente co texto aprobado pola Xunta de Goberno Local e ditaminado polo TEACV someterase a estudio e aprobación pola Comisión Informativa correspondente e será remitido para a súa aprobación provisional polo Pleno.

Producida dita aprobación provisional, exporase ao público por prazo de trinta días a fin de que, por quen teña a condición de interesado, poida ser plantexada a oportuna reclamación.

De ser presentadas reclamacións, determinarase previamente a admisibilidade das mesmas e, entre as admitidas, resolverase estimando ou desestimando as mesmas, dándose conta á Xunta de Goberno Local e remitíndose ao Pleno para aprobación definitiva. No caso de non presentarse reclamacións ou incorrer todas as presentadas en causa de inadmisibilidade, entenderase aprobado o texto sen necesidade de remisión ao Pleno para a súa aprobación definitiva.

No caso de ser presentadas reclamacións admisibles contra o acordo de aprobación provisional, sexan estimadas ou non, procederá a remisión ao Pleno aos efectos da aprobación definitiva. No caso de que pola estimación de reclamación contra o Acordo de aprobación provisional se modificase este, o texto da Ordenanza será remitido previamente ao TEACV para novo Ditame».

A vista do anterior, esta Dirección de Ingresos solicita, da Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

ACORDO:



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 14/09/2018 12:15

Páxina 7 de 10

Expediente 2491/500

CSV: 22E85H-253E8B-4C22C6-1XRGQT-TZXNPG-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

1º) Aprobar a seguinte:

“MODIFICACIÓN DOS SEGUINTE ARTIGOS DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POR APROVEITAMENTO ESPECIAL OU UTILIZACIÓN PRIVATIVA DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL”.

ARTIGO 3.- EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS.

Engádesse un parágrafo no apartado 3.2., quedando redactado como segue:

2. Así mesmo, estarán exentas de pagamento as taxas por aproveitamentos especiais sinalados no apartado b) do artigo 1) desta Ordenanza necesarios para realizar obras na denominada Área de rehabilitación integrada Casco Vello de Vigo, acordada pola CPTOPV con data 20.09.97, así como as obras incluídas nos Plans Especiais de Reforma Interior de Bouzas e Casco Vello.

Igualmente, estarán exentas de pagamento, nos mesmos ámbitos territoriais as taxas por aproveitamentos especiais ou utilizacións privativas do subsolo con entubados para redes de telecomunicacións e outras infraestruturas para estes servizos.

ARTIGO 4.- COTAS.

Introdúcese no artigo 4. 4 Tarifas o seguinte epígrafe.

1.4. Por ocupación do subsolo con entubados para redes de telecomunicacións e outras infraestruturas para estes servizos:

Categorías rúas:	1ª	2ª	3ª	4ª	5ª	6ª
Tarifa m lonx ou fracción e ano ou fracción.	17,47€		10,71€		7,91€	0,21€ 0,20€ 0,17€

Coa finalidade de ponderar positivamente o despregamento de redes nas zonas menos poboadas que corresponden as categorías fiscais de 4ª, 5ª e 6ª establécense, para cada suxeito pasivo unha serie de reducións, sobre a cota tributaria resultante da tarifa anterior, conforme a seguinte táboa:

% de lonxitude de rede despregada en emprazamentos de categorías 4ª, 5ª e 6ª respecto da total lonxitude da rede despregada no municipio.	% de redución da cota
Do 35% ao 39,99%	5%
Do 40% ao 44,99%	10%
Do 45% ao 49,99%	20%
Do 50% ao 55,00%	30%
máis do 55%	40%”.

2º) Someter a Ditame do TEA do Concello.

3º) Aprobación provisional do Proxecto ditaminado en sesión plenaria.

4º) Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no BOP, Taboleiro do Concello e Prensa Local para exame e reclamacións.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 14/09/2018 12:15

Páxina 8 de 10

Expediente 2491/500

CSV: 22E85H-253E8B-4C22C6-1XRGQT-TZXNPG-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

5º) Para o caso de non presentarse reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

- a) Publicar o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.
- b) Facultar á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.

Con data 16.07.18, o Interventor Xeral emite informe de fiscalización.

En data de 16.07.18, o Tribunal Económico Administrativo ditamina favorablemente dita proposta.

En sesión de data 19 de xullo, a Xunta de Goberno Local aprobou o proxecto de modificación.

Con data 3.08.18, o Tribunal Económico Administrativo presta conformidade ao acordo da Xunta de Goberno Local.

O secretario xeral do Pleno, en data 10.08.18, emite informe xurídico.

- En data 17.08.2018 o grupo municipal Partido Popular e o grupo municipal de Marea de Vigo en data 22.08.18 achegan escrito de presentación de emendas e escrito de rectificación de emendas con data 23.08.18.

En data de 23.08.2018 a Dirección de Ingresos emite informes en relación ás emendas presentadas.

En data de 27.08.18 o Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo emite ditame en relación ás emendas presentadas ás ordenanzas.

A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, con data 29.08.2018, ditamina favorablemente dita proposta.

VOTACIÓN: Con dezaseis votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego e a Presidencia, e dez votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López, e mais dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, adóptase o seguinte,

ACORDO

PRIMEIRO: Rexeitar as emendas presentadas.

SEGUNDO: Aprobación inicial do Proxecto de Modificación da Ordenanza reguladora das taxas por aproveitamento especial ou utilización privativa do dominio público local, para o exercicio 2019.

TECEIRO: Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no Boletín oficial da provincia, taboleiro do Concello e prensa local para



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 14/09/2018 12:15

Páxina 9 de 10

Expediente 2491/500

CSV: 22E85H-253E8B-4C22C6-1XRGQT-TZXNPG-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

exame e reclamacións.

CUARTO: Para o caso de non presentarse reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

- a) Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.
- b) Facúltase á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.

E para que así conste expido esta certificación de orde e co visto e prace do Excmo. Sr. Alcalde, coa salvidade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, en Vigo á data da sinatura dixital.
am

Vº e Pr.
O ALCALDE,
Abel Caballero Álvarez.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 14/09/2018 12:15

Páxina 10 de 10

Expediente 2491/500

CSV: 22E85H-253E8B-4C22C6-1XRGQT-TZXNPG-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>